

Código Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia - <http://www.codigocero.com>

NÚMERO 36 AGOSTO/SETEMBRO 2005

todos es
en internet 

Novas mans ó volante da tecnoloxía en Galicia

Repasamos a "renovación" da Consellería de Innovación

Cita en GaliciaTic 2005

Ábrese en Santiago a tempada tecnolóxica

Internet verde

Que podemos facer dende a Rede pola Terra?

Buscadores no laboratorio

Poñemos a proba Google e Yahoo! Comparamos?

Novo Windows "á vista"

Primeiras noticias sobre o sistema operativo de 2006

www.caixagalicia.es

Una **conexión**

de **máximo interés**

Conéctate a www.caixagalicia.es. Entrarás en un gran centro de ventajas. La primera, trabajar a través de Internet. La segunda, trabajar con Caixa Galicia.

Y la tercera, encontrar una gran cantidad de productos pensados para la gente que le gusta la rapidez, la comodidad y la eficacia.

Hipotecas, préstamos... Y todo, con un interés muy atractivo.

Entra en nuestra página y verás cómo te conectarás a un gran centro de ventajas.

De máximo interés.




CAIXAGALICIA

 **GALICIA 2005**
VUELTA AL MUNDO A VELA 2005-2006



CÓDIGO CERO revista de novas tecnolóxicas de Galicia

Director

Xosé María Fernández Pazos
(director@codigocero.com)

Subdirectores

Marcus Fernández
(webmaster@codigocero.com)
Carlos Ballesteros
(cballesteros@codigocero.com)

Redactores-Xefes

Fernando Sarasquete
(redaccion@codigocero.com)
Carlos Lozano
(cuetorubio@yahoo.es)

Redacción

Xabier Alcalá
(Telecomunicacións)
Damián Fernández (Linux)
Manolo Gago (Opinión)
Emiliano Gómez (Informática)
David Lombardía (Nova
Economía)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Víctor Salgado (Dereito)

Publicidade:

Carolina Cruz, Ruben G. Pedrero
publicidade@codigocero.com

Colaboraron neste número:

José Daniel Ponz, Carlos Roma,
David Lombardía, Fernando
Sarasquete, Marcus Fernández e
Pablo Grandío.

Supervisión lingüística:

María Xesús Vázquez.

Fotografía:

Adolfo Enríquez Calo, Joferpa.

Edita:

Grupo Código Cero Comunicación
UNINOVA.
Polig. Ind. do Tambre Vía La
Cierva, s/n (recinto Mercagalicia)
Código Postal: 15890 - SANTIAGO
Tel. 981 51 96 00/93 63 24
Fax. 981 55 77 07
Móbil: 690 60 71 02
http://codigocero.com
redaccion@codigocero.com

Deseño Gráfico:

eNISA. Servicios Infográficos
Rúa do Río, 30 - SANTIAGO
Teléfono: 981 554 444
correo@mundografico.net

Imprime:

Celta de Artes Gráficas, S.L.
Rúa Colón, 30 - VIGO
Teléfono: 986 81 46 00
Fax: 986 81 46 38

Número 36

Agosto/Setembro 2005

Publicación periódica
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

neste número...



O destino tecnolóxico de Galicia está noutras mans e nós non quixemos ficar indiferentes ó relevo operado na sede da Xunta. Hai caras novas e ideas innovadoras perante retos igualmente importantes, e nestas páxinas, ofrecemos as traxectorias vitais dos novos inquilinos de San Caetano e por algúns dos seus obxectivos. Son persoas provintes, sobre todo, do eido universitario, coas cales os xornalistas xa nos temos atopado antes noutras ocasións, cando representaban outras institucións, outras iniciativas. Diante deles ábrese un camiño cheo de retos, algúns máis imposibles de cumprir ca outros:

- Consegui que se incremente o nivel de penetración das novas tecnoloxías nos fogares e nas empresas de Galicia, niveis que son abondo inferiores á media española.
- Incrementar a relación entre universidade e empresa, sobre todo

a nivel de I+D

· Levar un acceso á Rede en condicións, de alta velocidade, a tódolos puntos do noso país (algo polo que loitou o anterior conselleiro de Innovación, Juan Rodríguez Yuste, quen situou en 2007 o momento en que por fin poderíamos falar de cobertura total)

Isto polo que se refire ó relevo en San Caetano.

No número 36 de Código Cero contamos cun convidado de excepción, José Daniel Ponz, da Axencia Espacial Europa, quen nos fala de tódolos puntos de contacto que existen entre a nova astronomía e as ferramentas da Sociedade da Información, de cómo a primeira xa non se pode entender sen as segundas (é Internet o mellor que lle puído acontecer ó estudo de todo aquilo que está alén da bóveda do noso ceo?).

Neste número, tamén decidimos desprendernos de feitos consumados e apostar polos rumores, e sen

que sirva de precedente, polo menos no que se refire a un produto que aínda non chegou ás nosas mans e que aparece sempre nos medios de comunicación baixo a sombra da opinión persoal dos xornalistas. Estamos a falar do Windows Vista, o novo sistema operativo de Microsoft que promete ser o gran produto informático do vindeiro ano, e que xa está a despertar opinións encontradas incluso antes de que se saiba toda a verdade sobre el e nada máis que a verdade. Respecto a todas estas posturas sobre Windows Vista, tantas como usuarios hai de produtos informáticos, tratamos de situarnos no medio de todas elas, no caso de que exista ese punto medio, imparcial.

Ademais de falar do novo sistema operativo de Microsoft, incluímos neste número un amplo reportaxe de Marcus Fernández sobre a que para moitos é a década prodixiosa da era da información, xusto estes dez anos de vida de Internet tal e como

a coñecemos.

Tamén incluímos entrevistas a *blogueiros* de primeira liña como Pedro Jorge Romero ou Enrique Dans, o primeiro un galego de adopción en Santiago e o segundo un galego afincado en Madrid, ámbolos dous lidos por milleiros de persoas que viven e traballan en Internet.

Ademais, non quixemos deixar pasar a ocasión de poñer os ollos en todo o que de ecolóxico hai na Internet galega e española, sobre todo agora, xusto neste momento, en que o mundo está a piques de cruzar a liña de retorno seguro. É dicir: o punto onde todo o que lle fagamos á Terra xa non terá remedio, e xa non servirán de nada os esforzos por regresar. Internet verde. Así lle chamamos a este breve especial no que damos conta de todos eses sitios a onde podemos acudir en caso de que queiramos facer algo, por miúdo que sexa, en beneficio da Terra.

firma invitada

José Daniel Ponz, da Axencia Espacial Europea: Internet e a nova astronomía **4**

novas

Resumo de actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías **5**

reportaxes

Proxecto Ineo: A gran aposta galega no mundo TIC **9**

Windows Vista: primeiros rumores sobre o novo sistema operativo de Microsoft **10**

Dez anos enredados: unha década coa Internet tal e como a coñecemos **11**

Yagly.com, unha iniciativa galega para facer que Internet sexa menos artificioso e máis accesible para todos **14**

Novas caras na Xunta de Galicia: quen é quen na Consellería de Innovación? **15**

GaliciaTic xa se ve no horizonte, a nosa vindeira cita tecnolóxica galega **17**

Vigo Metropolitano, repaso por unha publicación senlleira **18**

Hai máis sitios onde caer ademais de Google (test de buscadores) **19**

As crónicas do MITE (recuperamos o diario de abordo da nosa viaxe por esta feira tecnolóxica) **20**

Entrevista a Marcelo Branco, un dos principais valedores do software libre en América do Sur **22**

Entrevista a Enrique Dans, un profesor blogueiro que fai a tecnoloxía máis amena **23**

Internet Verde: que podes facer ti pola Terra en Internet? **25**

Entrevista a Pedro Jorge Romero, bitacoreiro que nos fala de tódalas vantaxes que nos leva á porta da nosa casa o fenómeno blog **27**

que fixen eu para linquear isto?

Repaso por aquilo que menos nos gusta de Internet **28**

nova economía

Historias Encontradas (II): Etnoka versus Universia **29**

xogos

Os Catro Fantásticos e Battlefield II **30**



Axencia Espacial Europea

Internet e a nova astronomía: E-Ciencia?

Nos últimos anos, Internet converteuse nunha ferramenta ubícu e de uso transparente, e isto está a producir un renacemento das ciencias, que o utilizan para compartir e intercambiar no só datos senon tamén coñecemento: é o que se está a chamar 'E-Ciencia'. Porén, Internet foi fundamental para a astronomía dende as súas orixes, hai máis de trinta anos.

Os observatorios astronómicos están situados en lugares remotos e libres de contaminación luminosa. Antes, os astrónomos viaxaban ao telescopio e realizaban as súas observacións cando o tempo era axeitado, o cal non resultaba especialmente eficiente. Hoxe, porén, non se require a preza física do astrónomo, xa que os grandes telescopios están manexados polo persoal que realiza as observacións de acordo cun plano que se adapta ás condicións meteorolóxicas e que utiliza tan caros instrumentos dun xeito eficaz. Por outro lado, o elevado custo dos proxectos espaciais require unha colaboración internacional e unha forma de traballo distribuída en redes de centros especializados. Ademais, o crecente número de observacións en forma dixital, tomadas por telescopios terrestres e espaciais, permitiu a creación de arquivos accesibles a través da rede. Todo isto conforma a E-Ciencia: unha forma de colaboración e creación científica que utiliza internet como base esencial. Neste contexto hai que destacar o papel das axencias espaciais NASA e ESA, que serviron de punto focal para as novas tecnoloxías.

O uso da internet en astronomía comprende tres ámbitos principais: divulgación, grupos de afeccionados e profesionais.

A **divulgación** en astronomía ven dada pola curiosidade que suscita esta ciencia no público en xeral, e a calidade das imaxes astronómicas contribuíu de forma decisiva á súa popularidade. De feito, o elevado número de accesos ás imaxes de Marte achegadas pola misión "Mars Express" da ESA provocaron a saturación dos servidores de información.

Os **grupos de afeccionados** gozan dunha grande tradición e foron sempre moi relevantes en astronomía. Astrónomos afeccionados, en estreita colaboración cos profesionais, descubriron multitude de novos obxectos estelares. Internet é importante para estes grupos, xa que permite a coordinación de campañas de observación e o intercambio de ideas, proxectos, datos e programas de cálculo astronómicos.

O ámbito **profesional** fórmano máis de 15.000 científicos, localizados fundamentalmente en centros de investigación e universidades de Europa, Estados Unidos e Xapón. O uso da rede polos astrónomos profesionais inclúe observatorios,

"Astrónomos afeccionados, en estreita colaboración cos profesionais, descubriron multitude de novos obxectos estelares. Internet é importante para estes grupos, xa que permite a coordinación de campañas de observación e o intercambio de ideas, proxectos, datos e programas de cálculo astronómicos."

arquivos de datos e servizos de publicacións científicas.

Os observatorios, tanto terrestres como espaciais, dispoñen de sistemas de información nos que se atopa a descrición detallada dos instrumentos, os planos de observación e as observacións realizadas. Actualmente se está a traballar para incorporar novas formas de observación remota, que permiten a interacción co telescopio en tempo real dende centros de investigación en calquera parte do mundo.

Os arquivos e as bases de datos astronómicas son hoxe ferramentas fundamentais de investigación. Por unha parte, hai fenómenos variables que requiren observacións realizadas durante longos intervalos de tempo e que deben quedar rexistradas para a posteridade. Por outra parte, a calibración de novos instrumentos utiliza obxectos de referencia, observados con outros instrumentos. Os 'Observatorios Virtuais' son unha nova xeración de arquivos científicos que permiten o uso masivo de datos aos que se accede de forma simple, independentemente de onde se atopen localizados. O observatorio virtuais abren novas formas de investigar en astronomía e novos métodos de análise estatística que se aplican en cosmoxoloxía, evolución e clasificación estelar.

Nun futuro próximo, os astrónomos prepararán as observacións dende a súa oficina. Para isto, tras ler os últimos artigos nos servizos de publicación electrónica, accederán dende o seu terminal ao simulador do instrumento e analizarán observacións realizadas con outros telescopios, accedendo a arquivos de datos situados en diferentes centros científicos.

O simulador será un telescopio virtual, que lle permitirá estimar a configuración adecuada do instrumento e a duración da observación e o mellor momento para realizala. Baseándose nos datos do simulador, preparará unha proposta de observación utilizando formularios electrónicos.

A noite na que se realicen as observacións, o astrónomo asistirá dende a súa oficina aos preparativos. Dende o seu terminal seguirá os datos meteorolóxicos, obterá información continua do telescopio e confirmará que o campo estelar amosado na pantalla do seu ordenador é o desexado. Minutos máis tarde recibirá os datos do seu obxecto, que poderá calibrar inmediatamente e comparar co modelo obtido no simulador.

Todo estará listo para escribir o artigo, que será publicado en breve nun servizo electrónico que permitirá a súa revisión e a discusión con investigadores de todo o mundo.

É un novo xeito de investigar, de facer ciencia: ¿E-Ciencia?.



Cataluña contará con dominio en Internet

Por Xornal.com coñeceuse a nova de que Cataluña vai contar en breve con dominio propio. Así o anunciou a Corporación para a Asignación de Nomes e Números de Internet (ICANN en inglés), quen deu o visto bo á iniciativa do novo dominio o pasado martes 16 de agosto, deixando para máis adiante a súa aprobación definitiva.

Cómpre sinalar que esta nova denominación, “.cat”, irá nun principio destinada a acompañar todas aquelas páxinas web que vaian dedicadas á linguaxe e á cultura catalás. Prevese que súa aprobación definitiva sexa en setembro (e agardamos que non tarde moito en chegar o dominio galego... de balde!).

Un controlador USB para calculadoras permite reproducir imaxes de Matrix

Hai unhas poucas semanas o programador Dan Englander publicou unha aplicación de código aberto coñecida coma usb8x e que funciona coma un controlador para interactuar co porto On-the-Go USB das calculadoras científicas de Texas Instruments TI-84 Plus. Deste xeito, outros programadores poderán adaptar distintos periféricos USB para o seu uso combinado coa calculadora, o que proporcionaría moitas vantaxes insospeitadas ata o momento. Para demostrar tal desenvolveron un sistema que permite ler nunha memoria USB dende a que reproduciron un vídeo no que se pode ver unha popular escena de acción da película *Matrix*.

A limitada pantalla da calculadora non fai xustiza coas películas, pero deixa constancia de que se poden facer cousas moi interesantes coa nova utilidade.

Poñen na Rede unha nova visión do mapa do mundo: os que máis contan son os que máis aparecen na prensa

No sistema de visualización Vanishing Point atopamos (vía [Elastico.net](#)) un novo mapa do mundo onde grandes extensións de África e América do

Sur non existen. Non atopamos a Senegal, nin a Nixeria, e tampouco a Bolivia, e enclaves como Madagascar parecen formar parte dun soño colectivo máis ca dunha realidade. Nin sequera existen illas como a de Xamaica, agora en branco onde se supón que debía existir un punto verde sobre fondo azul. Pola contra, Estados Unidos, Inglaterra, Francia ou China aparecen debuxados en negro, como subliñados.

Este novo mapa non é xeográfico, senón que está feito seguindo o seguinte criterio: canto máis falen de ti, máis presenza terás na nova orde planetaria. A medida responde á máxima de que non es ninguén se non apareces citado nas edicións dixitais dos medios de comunicación de todo o mundo, e que é mellor que falen mal de un mesmo, a que non falen. Así, deste xeito, é como de feito se determina quen conta hoxe en día en Internet, pola cantidade de veces que se repiten as ligazóns nas páxinas de outros. Quen sabe? Se cadra calquera día o noso xefe nos amosa a foto de empresa cun equipo mellorado onde a través do teu corpo vense os computadores que hai detrás. Será ese o momento en que alguén che poña unha man nas costas e situarte perante a porta da rúa.

Máis información en [Elastico.net](#) e en [www.low-fi.org.uk/vanishingpoint/](#)



Akamai habilita un servizo que rexistra qué noticias queren ler os internautas

Ata o de agora nunca antes unha axencia se propuxera visitar millóns de fogares para saber de primeira man que información é a que máis lle interesa ós cidadáns, aquela que seguro lles vai chamar a atención cando lean o xornal. Non se fixo este traballo por unha razón ben sinxela: era inviable.

Pero a tecnoloxía pode con todo, e Akamai Technologies está a aproveitarse dela para poñer en marcha un mapa de seguimento de noticias que pretende dar unha visión completamente real da información que as persoas consumen. Segundo informa Reuters, Akamai está a contabilizar os *cliques* a webs en cen sitios de noticias para ver que é aquilo que máis interesa á audiencia. Deste xeito, elaborase un mapa do mundo con seis rexións e avalíase a busca de noticias respecto á demanda media diaria. Esta innovadora iniciativa permitiu durante o período de probas do servizo localizar as novas máis importantes en Internet: os atentados en Londres, a aventura do Discovery, as chuvias da India e o veredicto polo xuízo a Michael Jackson.



Auna creará unha nova sociedade tras desprenderse de Amena e do negocio do cable

Tras vender Amena e o negocio do cable, Auna celebrará o 23 de setembro unha xunta extraordinaria na que agrupará os activos que quedan nunha nova sociedade que tomará corpo en breve. Así, na xunta deseñarán a nova sociedade de responsabilidade limitada onde os propietarios do Grupo manterán unha participación proporcional á que tiñan en Auna.

A nova sociedade acumulará unha débeda de máis de 31,4 millóns de euros, pese a que a venda dos seus negocios parecía que sanearía as súas contas.

Arquitecturagalega.net amplía a "casa" e incorpora un banco de imaxes sobre construcións populares

Arquitecturagalega.net, unha web que é unha homenaxe a tódolos bos froitos que deu a tradición construtora do país, está hoxe en día ampliando a casa virtual. Vía Xavier Feixoo, amigo e colaborador de Código Cero, descubrimos a incorporación dun proxecto interesante: un banco de imaxes *on line* de arquitectura popular galega, iniciativa na que participa en compañía do galego Xosé Antonio Cidre, responsable de Arquitecturagalega.net.

Na páxina atopamos imaxes de casas antigas, pazos, factorías, capelas, fornos, reitorais, ferrerías pombais de tódolos currunchos de Galicia, pero principalmente do eido rural, xa que aí se conservan en bo estado algúns dos mellores exemplos de arquitectura popular. A tendencia deste banco de imaxes, que é unha especie de museo de símbolos construtivos deste país, é a recibir incorporacións novas a cada momento, e conta ademais co engadido de vir acompañado dunha colección de fondos de escritorío e de imaxes de arquitectura confortable dunha cidade onde poucos agardaban atopala: Vigo.

Cómpre salientar que Arquitecturagalega.net é un proxecto nado no 1997 onde dende o principio se traballou a prol de dar a coñecer á maior cantidade de xente posible un xeito de facer arquitectura, o estilo galego, que, dalgún xeito, leva anos sendo atacado polo “feísmo”, a modernidade mal entendida e a especulación.

E que mellor sitio para dar a coñecer esta noticia que a Internet? Máis información en <http://www.arquitecturagalega.net/novaweb/>



Google pon en marcha o seu servizo de mensaxeiría instantánea

A Google lle seguen a saír brazos en Internet. A última incorporación ó seu catálogo de servizos é, se cadra, a máis importante dos últimos meses. Trátase do seu servizo propio de mensaxeiría instantánea de texto e voz, o que sitúa a esta compañía ó mesmo nivel cós seus competidores máis directos (por exemplo a firma Skype) en ferramentas destas características. A posta en marcha do servizo integrara a posibilidade de enviar e recibir textos coa de manter conversas por medio da voz.

A ferramenta, chamada Google Talk, aparece unicamente, polo de agora, en versión inglesa, e pídese o requisito (para facer uso dela), de ter unha conta aberta no Gmail, o correo electrónico de Google. A mensaxeiría instantánea de Google conta cunha serie de innovacións que, segundo os seus creadores non inclúen as demais. Por exemplo: posibilitaría que os seus usuarios establezan comunicación con outros programas abertos, como o Trillian ou o iChat de Apple Computer. O principal problema que ten Google Talk é que unicamente se pode acceder a el tendo unha conta no Gmail, e a subscrición neste último servizo só é posible conseguindo a invitación dun usuario.

Mitsubishi venderá robots no Xapón a partir de setembro

Nas feiras de robótica sempre se ven prototipos rechamantes de máquinas antropomórficas que dificilmente se chegarán a vender algún día, pero agora Mitsubishi quere vender o seu robot Wakamaru, que sairá ó mercado o 16 de setembro. Wakamaru mide 1 metro, pesa 30 kg. e custará uns 14.300 dólares no Xapón, estimándose que se venderán unhas 100 unidades deste robot que serve para vixiar a casa (podéndose consultar dende o móbil a imaxe que está vendo o robot), espertar a seu dono ou lembrar un evento importante. Obedecerá a ordes faladas e recoñecerá un máximo de 10 rostros.

Os deputados terán pupitres electrónicos á volta das vacacións

Os deputados máis afeccionados á tecnoloxía deben estar desexando que chegue o regreso das vacacións (?). Os 350 membros do Congreso terán á súa disposición un pupitre electrónico, dispositivo que forma parte do proceso de modernización no que está inmersa a Cámara Baixa. Segundo informou El País e máis Reuters, cada un dos escanos contará cun computador con pantalla de 15 polgadas. Dende este terminal, poderán acceder a Internet e a Intranet da propio Congreso. Os deputados terán á súa disposición tódalas ferramentas e servizos que posibilita o feito de estar conectado de xeito permanente a Internet (para o bo e para o malo): escribir e recibir correos electrónicos, redactar discursos e disposicións e obter documentación para as argumentacións nos debates. A incorporación destes equipos forma parte do Plan de Modernización da Cámara promovido por Manuel Marín, o seu presidente

Poñen no mercado CDs virxes con feita de discos de vinilo

O *marketing* adopta moitos camiños e, algúns deles, percórrense cara atrás e mirando para diante. A alguén se lle ocorreu no departamento de publicidade de 5inch que para incrementar a venda de CDs virxes, agora, neste momento, non estaría mal que tivesen feita de vellos discos de vinilo. O truco é facerse con esa franxa de mercado onde a xente que merca e grava música faino sempre mirando cara atrás.

Dito doutra maneira: os consumidores de música son por natureza nostálgicos. Comercialízanse en paquetes de 10 CDs de 80 minutos, cada *pack* ó prezo de 12 dólares. Son ideais para contrarrestar a frialdade dos compactos virxes tradicionais e para almacenar os discos que escoitabamos cando ninguén soñaba con que algún día os vinilos pasarían á historia. Máis información en <http://www.5inch.com/>.



O artista Banksy anima dende a súa web a "grafitear" o muro da vergoña de Palestina

Atopamos na edición de El Mundo do venres 12 de agosto unha fotografía que nos conmove: unha nai e os seus fillos, notoriamente palestinos, camiñan ó carón do muro da vergoña que é esa manifestación física do desentendemento entre pobos. A imaxe non remata na cabeza da nai palestina senón que se prolonga no debuxo, graffiti, dunha nena que sube ós ceos coa axuda de oito globos. Case se diría que a figura é unha sombra independente que cobra vida representando os anhelos da persoa que a proxecta. O graffiti é obra do inqueda artista Robert Banksy, que anima dende a súa web a facer do muro da vergoña un paraíso para os graffiteiros. Terán 730 quilómetros, cando o muro estea rematado, para axitar os botes. Xa se escoita o ruído das boliñas... ou non?



Cómpre sinalar que a iniciativa de Banksy non está exenta de polémica. Hai quen di que o muro, tal como é, non debe ser decorado, o seu formigón foi feito dende, por e para a vergoña, e como tal debe quedar. Banksy xa ten experiencia nisto de crear polémicas. Na súa web atopamos a imaxe de persoas atrapadas tras os aramios dun campo de concentración nazi coas bocas pintadas. A fotografía que se inclúe neste artigo tamén está visible na súa páxina e non é outra cousa ca unha rata debuxada nunha pedra, ó carón deste muro da vergoña. Quen a encontre, di o artista, verá unha palabra escrita debaixo da pedra e gañará un dos seus graffitis orixinais. Xogo ou provocación? Banksy teno claro: é unha condena á actitude do Goberno israelí. Se cadra, o resumo da súa ideoloxía está noutra imaxe incluída na sección *Outdoors* da súa páxina (pequeno museo persoal itinerante e manifesto), na que un manifestante protexido contra bombas de gas lanza cara un exército que non se ve... un feixe de flores. Dillo con flores, di, como nas historias de amor. Máis información en <http://www.banksy.co.uk/>.

Os Budas dinamitados en Afganistán serán reconstruídos con tecnoloxía de raios láser



Que pasaría se Rodríguez Zapatero e o seu equipo de Goberno decidise dinamitar a Muralla de Lugo porque xa é hora de irlle dando aire á cidade? A resposta está máis ou menos clara: a tecnoloxía axudaría a reconstruíla cando España volveuse a virar de rumbo político. Zapatero, grazas ó Ceo, non é membro do réxime talibán que dinamitou, como se tal cousa, os Budas de seiscentos anos de antigüidade do val de Bamiyn, en Afganistán, e non hai que facer un grande esforzo para recordar como nos doe nas carnes propias aquel xesto antibudista. Pero a tecnoloxía pode con todo. Segundo dixo hai uns días El Universal.com, o artista xaponés Hiro Yamagata vai reconstruír as estatuas facendo uso de 14 sistemas de raios láser que proxectarán 140 monumentos sen faciana nas montañas do devandito val. As pezas terán unha altura de máis de 100 pés, a mesma envergadura cós Budas orixinais. Cómpre sinalar que a iniciativa non é do tipo clandestino, xa que conta co beneplácito do vicepresidente do Goberno, Karim Hhalilli e incluso da propia poboación do lugar, xa que probablemente ven na obra do artista xaponés unha maneira de abri-lle novos camiños ó turismo.

O primeiro fabricante de reprodutores portátiles de MP3 retírase

Rio, marca pioneira en reprodutores de MP3, anuncia a súa retirada do mercado, pese a ser líder no mercado coreano e fabricar os mellores reprodutores de MP3 segundo moitas análises técnicas. Segundo parece, o feito de que os reprodutores de música portátiles pasasen a ser produtos para mercados masivos non se axustaba ás estratexias da compañía, polo que temos un exemplo máis de que o primeiro en lanzar un produto ó mercado non sempre é o que acadou o maior éxito.

Actualmente o mercado está dominado por Apple e os seus iPods, e incluso compañías con sona coma Creative Labs ou Sony non conseguen facerlle sombra, pero o que está claro é que os reprodutores de MP3 están a loitar nun mercado sumamente competitivo no que resulta difícil facerse cunha posición propia.

A Internet facilita un novo xeito de ligar

A Internet afectou ó xeito de relacionarnos de moitos xeitos, chegando incluso ás relacións amorosas dos usuarios, que cada día empregan máis as novas tecnoloxías para comunicarse e establecer novas relacións, polo que o inglés Marcus Warry decidiu formar Impulsedating.com, unha páxina que facilita un novo método para ligar.

O servizo non é un sistema virtual de atopar parellas compatibles, senón que parte de encontros no mundo físico. Así, os usuarios rexistrados en Impulsedating crean na web un perfil de si mesmos, onde se inclúen os seus gustos e datos de contacto. A información para acceder ó perfil imprímese unhas tarxetas de visita que se entregan ós usuarios, polo que a idea consiste en que, se alguén atopa a unha persoa que atope atractiva, lle entregue unha das tarxetas que poida saber máis do usuario (coa intención de que se establezan futuros contactos). Máis información en Impulsedating.com.



RecoverPC, unha ferramenta para recuperar o "mellor momento" do noso computador

Unha tiritá para o computador. Un botiquín. Un médico na familia. Isto e moitas cousas máis parece ser a RecoverPC, unha tarxeta PCI que descubrimos na Rede e que serve para arranxar os problemas que poida ter o sistema operativo do computador, entre outras funcionalidades. A ferramenta actúa sobre o equipo que estea impecable xusto no momento en que o conxelemos. Coma se gardase unha imaxe del no seu mellor intre. Logo, cando teña problemas, recuperaremos ese "momento".

Da mesma maneira, pódese ordenar que se restaure a si mesmo en cada momento en que acendamos o computador, co que unicamente traballaríamos cun equipo en boa forma. O RecoverPC si que permite restaurar o sistema por moito que Windows non sexa quen de arrancar. Cómpre sinalar que a ferramenta non é de balde, nin moito menos. O seu custe é de 177 dólares.

Pola matrícula os coñeceredes: Gran Bretaña podería despregar tecnoloxía FRID nos automóbiles do país

Se cadra, fotografías como a publicada a mediados de agosto dun condutor de automóbil circulando a 250 quilómetros por hora en autoestrada cun pé por fóra da xanela non se darían en caso de que o condutor soubese que está identificado de xeito constante por unha emisión de radiofrecuencia provinte da súa matrícula. Ou si? Quizais, a tecnoloxía tamén ten algo que dicir á hora de minimizar o alto índice de siniestralidade nas nosas estradas. Aí cómpre situar o que está a desenvolver o Goberno británico, un proxecto que se basea na teoría de que ninguén se vai meter o dedo do nariz se sabe que o están vixiando. Trátase dun clásico chip RFID, do mesmo tipo que os que se usan nas etiquetas de determinados produtos, pero máis avanzado. Contén baterías autónomas, o que posibilita dotalos dunha potencia superior para ser detectados nunha distancia de cen metros (300 pés, din os ingleses).

As posibilidades son enormes, sobre todo de cara a controlar a velocidade. Dispoñer estes chips na meirande cantidade de sitios e na meirande cantidade de matrículas suporía un gran desembolso para os gobernos, pero se cadra paga a pena apostar por este desenvolvemento. En Gran Bretaña, as probas reais deste *microchipped number plates* empezarán a finais de ano. O dispositivo que se pon na matrícula non sería un mero emisor de sinais, xa que facilitaría todo tipo de datos como marca, modelo ou ano de compra. E tamén información sobre a compañía aseguradora. Cómpre sinalar que as autoridades dos Estados Unidos estarán vixiando moi de preto o nivel de éxito acadado en Gran Bretaña. Se funciona, é posible que sigan os mesmos pasos.

En que consiste a tecnoloxía RFID? Esta tecnoloxía é moi interesante en seguridade. Trátase dun sistema de identificación por radio frecuencia, tecnoloxía que pode parecer moi novidosa pero que, en realidade, xa era usada na Segunda Guerra Mundial polos alemáns para identificar os seus avións e evitar algo tan incómodo como non detectalos e descargar artillería neles. Estes sistemas materialízanse en etiquetas de baixo custe que se pegan en determinados produtos. O risco de seguridade é elevado. Cunha PDA, de feito, podemos ir a un centro comercial e con axuda dun dispositivo ir cambiando os prezos dos produtos, ben porque o propio feito de cambialos nos divirte ou ben por razóns económicas (¿mercar unha pantalla de plasma ó prezo dunha televisión de tubo?).

3ª edición

GaliciaTIC



Tecnoloxías da Información e Comunicaci3ns

25 • 26
outubro
2005

Santiago de
Compostela

Palacio de Congresos e
Exposici3ns de Galicia

O emprego das TIC. Aplicaci3ns e tendencias para un mundo na rede

Nova estrutura,
m3is pr3ctica e
pr3xima 3 usuario
das Tecnolox3as
da Informaci3n
e Comunicaci3ns

Doce paneis tem3ticos
Soluci3ns de negocio
baseadas nas TIC.

**I Foro de experiencias
empresariais de 3xito**
Empresas con grande
capacidade innovadora
baseada na aplicaci3n das
TIC.

**I Foro profesional sobre
tendencias nas TIC**
Impacto na empresa
e na sociedade.

Conferencias
Persoeiros relevantes
do mundo das TIC ofrecer3n
unha visi3n diferente
do desafío tecnol3xico
no pr3ximo futuro.

**Xantares-coloquio con
expertos prescritores.**

**II Edici3n dos Premios
GaliciaTIC 3 Innovaci3n.**

Colaboraci3n Financeira



Toda a informaci3n en

www.galiciatic.com



Patrocinan



Promoven



MSN Search ábrese camiño nun reinado compartido por Google e Yahoo!, o dos buscadores

O mundo dos buscadores xa non parece exclusividade de Google e Yahoo! Hai algúns servizos, como Ask Jeeves e MSN Search, que se están abrindo camiño facendo uso dunha fórmula que case nunca falla: a actualización de páxinas indexadas.

Segundo un informe de ComScore Media, MSN foi o buscador que rexistrou unha meirande taxa de crecemento ó longo do mes de xullo, sobre todo que non se refire a novos usuarios. Isto non chega para sacar a Google e Yahoo! do primeiro e segundo posto do *ranking* de buscadores en Estados Unidos, pero si para subir equilibrar un pouco a situación. Así, durante o mes pasado, o 36,5% das operacións de buscas foron efectuadas en Google, o 30,5% en Yahoo!, o 15,5% en MSN, o 9,9% en AOL e o 6,1% en Ask Jeeves. Cómpre sinalar que MSN acadou un 30% máis de consultas con respecto ó mesmo mes do ano pasado.


Novas tendencias no uso do P2P

As presións xudiciais sobre os usuarios da tecnoloxía BitTorrent para o intercambio de ficheiros a través da Internet está a modificar o comportamento dos usuarios segundo datos de CacheLogic, xa que agora decántanse polo eMule para o intercambio de ficheiros multimedia, mentres que o BitTorrent se emprega cada vez máis para a distribución de material lícito (distribucións de Linux, programas de código aberto, etc.). Así, as últimas actuacións da MPAA levaron á desaparición de moitas webs que fomentaban o uso das redes BitTorrent para a distribución de contidos, pero isto en vez de persuadir do uso do P2P por parte dos usuarios só os levou a retomar a un vello coñecido: eMule.

De feito, o eMule está a medrar de xeito importante en todo o mundo, considerándose actualmente coma o sucesor do KaZaA (que á súa vez se consideraba o sucesor de Napster). Os datos de CacheLogic tamén confirman que o tráfico que circula polas redes dos provedores de acceso á Internet correspondente a redes P2P e do 60% do total global.

Lanzamento de móbiles: terapia para adictos ás novas tecnoloxías

Un novo tipo de censura? Terapia de grupo para adictos ó móbil? Un xesto a prol da comunicación logo de ver como o teléfono celular a desfacía en lugar de fomentala? Promoción para os fabricantes de catapultas?



A Rede é un fervedoiro de iniciativas raras e os *freaks* de todo mundo saben que de nada serve ten unha idea extravagante se logo non se dá a coñecer en Internet. En Noticias Locas atopamos os días pasados a historia dun grupo de mozos que veñen de desenvolver en Austria catapultas para lanzar móbiles ó aire. A tarefa, que ten un pouco de proxecto de enxeñería, de *performance* artística e de flagrante perda de tempo, foi retratado paso a paso e cómpre sinalar que foron moitos os teléfonos que remataron por estrelarse contra o pavimento. O que non se especifica é se os móbiles en cuestión eran de primeira man ou usados, nin se os participantes ó completo conseguiron resistirse á mercar un novo aparello. Todo indica a que non. A actividade desenvolvida de seguro debe reportar importantes doses de orgullo (a vulgar polas fotos) xa que incluso se reparten certificados de ter asistido ás prácticas de tiro e de terse desfeito do teléfono móbil, gloria da sociedade tecnolóxica para algúns, cela na cadea para outros. Máis información en <http://www.monochrom.at/experiences/>.

Consiguen executar Windows 95 nunha PSP

Parecía que por fin ían parar as novas sobre emuladores para a consola portátil de Sony, e agora sorpréndenos coa execución de Windows 95 e Linux na PSP mediante o emulador Bochs PSP x86. Parece que o Windows 95 logra funcionar (aínda que tarda uns 10 minutos en iniciarse), o rato se move algo lento, pero incluso se pode botar unha partida ó buscaminas. O DLX Linux tamén funciona con este emulador, pero aínda non ten soporte para teclado (polo que resulta complicado o seu uso) pero pode que se consiga algunha prestación adicional para a PSP aproveitando estas novas emulacións.

Xorde YouTube, unha party na Rede onde a escusa para reunirse son os vídeos

Agora que moitos internautas entran na casa Flickr pensando que están onde teñen que estar (nese sitio onde parece estar o mellor da festa) xorden servizos como YouTube, unha sorte de rede social onde a escusa para reunirse non son as fotos (como no Flickr) senón os vídeos. Os produtos de audiovisual enriba da mesa e, arredor dela, miles de realizadores e espectadores potenciais: así é a estrutura de YouTube, unha rede de balde onde hai que cumprir unha serie de requisitos para formar parte do club: non acudir cun vídeo con máis de 100 Mb e non levar imaxes que podan ser prexudiciais para a sensibilidade dos usuarios.

Dito doutro xeito: podes participar, pero esqécete do sexo, polo de agora. Os formatos de vídeos son os seguintes: MPG ou AVI, e incluso en Flash. O seu funcionamento é similar ó do Flickr, coas etiquetas (*tags*) de costume que se lles poñen os ficheiros para que logo, a centos de quilómetros de distancia, alguén descargue o teu vídeo logo de facer unha busca por temas. Máis información en www.youtube.com

CURSOS de INFORMÁTICA para TRABAJADORES en ACTIVO

¡SUBVENCIONADOS!

“Mejora tu formación y no te quedes atrás”

1	MUNDO OFIMÁTICO. (Introducción –TIC, Windows XP, Word XP, Excel XP, Access XP)	100 horas
2	OFIMÁTICA COMPLETA. (Introducción –TIC, Windows XP, Word XP, Excel XP, Access XP, Powerpoint XP, Internet)	140 horas
3	ENTORNO OFIMÁTICO. (Powerpoint XP, Internet y Outlook)	40 horas
4	DESARROLLO WEB. (Diseño de páginas Web)	50 horas
5	GESTIÓN COMERCIAL EN LA RED. (Comercio electrónico, Telemarketing)	55 horas
6	NUEVAS TECNOLOGÍAS PARA PYMES. (Gestión de recursos humanos, Laboral y Fiscal, Nuevas Tecnologías para Directivos de Pymes, Nuevas Tecnologías en Pymes)	105 horas

INFORMÁTICA PARA PROFESIONALES

Sistemas operativos Microsoft, Programación en Java, Structs, Visual Basic, Net, programación de páginas web, Wireless con Cisco, Seguridad con Oracle, Solaris, Microsoft Visual Basic 6.0, redes Cisco escalables, Ads y Voip, Linux y fundamentos de Networking



CENTROS DE FORMACIÓN
GRUPO
ACADEMIA POSTAL

INFÓRMATE EN
ACADEMIA POSTAL:

C/ Zamora, 106-108
VIGO

López Mora, 10
VIGO

Paseo de Colón, 7
PONTEVEDRA

También en:
• Ourense • Santiago • A Coruña • Lugo
• Ferrol • Valladolid • Oporto

o llamando a los Telf.:
886 12 40 19
986 21 08 21



MINISTERIO
DE INDUSTRIA,
TURISMO Y
COMERCIO



www.forintel.es

- ▶ Con diploma oficial.
- ▶ Todos los horarios.
- ▶ Cursos mixtos, on-line y presenciales.

¡Elige tu curso y resérvalo ya!

Proxecto Ineo:

A gran aposta galega no mundo TIC



O proxecto Ineo, o clúster da información e o coñecemento do Consorcio da Zona Franca de Vigo, é hoxe en día un dos máis sólidos esforzos por desenvolver ata onde sexa posible (é dicir, ata uns niveis máximos) o uso das novas tecnoloxías no sector empresarial, a súa consolidación no mercado e, en última instancia, a asimilación destas ferramentas por parte da sociedade do noso país. Trátase polo tanto dunha tarefa de dimensións considerables que, sen embargo, non está exenta dun importante compoñente de éxito: o potencial galego é grande, e esta gran aposta está moi por enriba do limiar do que se podería cualificar de “seguridade”. Coa fin de aplicar unha presión constante sobre tódalas fronteiras (empresas, mercado, usuarios, etc.), os responsables do programa Ineo desenvolveron unha serie de análises e liñas de actuación.

REDACCIÓN

De tódolos sectores económicos que se poden enumerar no noso país, ¿cal é o que ten máis e mellores posibilidades de crecemento? A resposta é tan sinxela, que case se podería dicir que vai inserida na propia pregunta: o sector das novas tecnoloxías da información. É tan grande a súa importancia que non queda rastro de dúbidas sobre a necesidade de asumilas e potencialas para o bo funcionamento da engranaxe económica e social. Sen embargo, tamén está claro que se precisan axudas que contribúan a que toda esta revolución non quede nun absoluto baleiro.

É aí onde actúan proxectos coma o Ineo do Consorcio da Zona Franca de Vigo, que nace xusto da importancia de promover a incorporación das novas tecnoloxías no tecido productivo de calquera rexión (e en especial nas zonas periféricas), ademais de fomentar e acelerar na medida do posible a utilización e asimilación das mesmas por parte da sociedade. Desta xeito explican os propios responsables do devandito proxecto o seu cometido no noso país: “*O proceso de globalización é máis intenso neste sector facendo máis difícil a competitividade para as empresas galegas. As barreiras de entrada son moito menores ca noutros sectores tradicionais e o acceso ós mercados locais dende o exterior é cada vez máis doado. Por conseguinte, son imprescindibles os apoios para o desenvolvemento e a consolidación dos sectores relacionados coas TIC a nivel rexional, xa que aquel redundará dobremente na xeración riqueza na rexión*”.

PRINCIPAIS BENEFICIARIOS DA MEDIDA

O programa do clúster Ineo ten perfectamente definidos os sectores ós que se dirixe. No seu paquete de obxectivos sinálanse como prioritarias as empresas que desenvolven actividades relacionadas coa cadea de valor “datos / información / coñecemento”. Sexa como sexa, existe un terreo común por onde transitan tódalas empresas poten-

cialmente beneficiarias, unha especie de lugar onde sempre se fala o mesmo idioma, o tecnolóxico. Nesta zona compartida atópanse polo tanto actividades económicas como a obtención de datos, a creación de infraestruturas, os sistemas de información, os servizos procedentes da aplicación das TIC a procesos tradicionais. Igualmente, hai unha serie de actividades complementarias que se inclúen: distribución de equipos informáticos ou o desenvolvemento e distribución de software e subministrados.

NON HAI BATALLA SEN UN ESTUDIO PREVIO

A fronte de actuación do programa do clúster Ineo desenvólvese nun lugar e un tempo concreto: o presente e máis o futuro inmediato de Galicia. O proxecto levou consigo un estudio de campo de envergadura considerable, tendo en conta a gran cantidade de axentes nos que se fai preciso actuar.

nidade definitiva para Galicia e o seu desenvolvemento no sector (e poida que non haxa moitas máis oportunidades agardando).

Así, como continuación da liña de traballo do programa, estanse iniciando dende o propio seo do programa tres novas liñas de acción:

- Promoción da constitución dunha entidade cooperativa estable, que xere tecido asociativo.
- Creación de servizos cooperativos e de desenvolvemento de actividades para a incentivación da demanda.
- Creación dunha infraestrutura física de apoio ó sector que mellore as vantaxes competitivas globais rexionais.

En definitiva, do que se trata é de conseguir un sistema de mellora sostida para tódalas empresas que participen no devandito clúster, unha situación de seguridade e crecemento



Este estudio materializouse sobre todo no *Análisis del clúster de la información y el conocimiento en Galicia*, un exhaustivo e completo traballo sobre o estado actual do sector no noso país que foi publicado en 2003. A raíz desta investigación obtívose unha base de datos de 800 empresas pertencentes ó eido empresarial que centra os esforzos do proxecto, unha comunidade de máis de 1.500 profesionais dedicados ás actividades das TIC e, por último (e non menos importante) un plan director.


Sexa como sexa, a actividade non cesa nin debe cesar, sendo este preciso momento que transcorre o que represente, moi probablemente, a oportu-

constante que propicie a chegada de novas incorporacións onde as vantaxes sexan sempre moito maiores cós inconvincentes (se é que estes existen). Nesa liña de reforzamento do clúster contéplase a habilitación dun punto que sexa centro de referencia “que potenciará a imaxe externa do sector, ademais de servir de elemento aglutinador e de lugar de intercambio que potencie as sinerxías entre empresas e profesionais”, segundo manifestan os responsables da iniciativa.



Os primeiros misterios do Windows Vista, desvelados

Incluimos unha listaxe coas novidades do novo sistema operativo de Microsoft



REDACCIÓN

O mundo precisaba de máis. Dunha perspectiva onde se vexa unicamente o que se quere ver (*vista*, en inglés). Así anuncia Microsoft Ibérica o desenvolvemento da nova versión do seu sistema operativo, o Windows Vista, do que xa foron avanzadas algunhas interesantes novidades (vía a comunidade de desenvolvedores informáticos que teñen acceso á versión Beta 1... para os consumidores en xeral chegará máis tarde). O que durante moito tempo foi coñecido co nome de Longhorn, xa ten nome definitivo, e os seus responsables teñen prevista a súa liberación para algún momento de 2006, e non cabe dúbida de que ese intre exacto

non vai pasar desapercibido para os internautas e informáticos (semella que todos están atentos ó mínimo movemento de Bill Gates, defensores e máis detractores). Vista vai ir nacendo paseniño. O subministro de rumores será lento e constante, e apenas haberá tempo para que os usuarios se esquezan del, posto que a segunda *beta* chega a finais deste ano.

Os traballos de investigación lévanse a cabo na sede central do campus de Microsoft en Redmond, Washington. O produto do seu traballo provoca opinións encontradas. Como se na entrada do complexo industrial se concentrasen dúas manifestacións con pancartas e lemas opostos. Os defensores din que poucas empresas teñen feito tantos esforzos pola democratización da Sociedade da Coñecemento como Microsoft, e que este traballo novo será a resposta que todos agardabamos no que se refire a medidas de seguridade e optimización do rendemento.

A "oposición", principalmente usuarios de programas de *open source*, recrimínalle á multinacional de Bill Gates que non estea a ofrecer nada que non se poda obter xa dos estándares abertos e que obriegue, co Vista, a que moitos usuarios se desfagan do seu hardware, xa que doutra maneira o sistema non podería operar.

O que si que está fóra de discusión é que o Vista vai ser o fenómeno informático do 2006, a plataforma máis estendida. Non será un chimpanco ó baleiro. A empresa xa probou en ocasións anteriores a dar chimpancos similares. E non lle foi mal: nove de cada dez computadoras deste mundo onde vivimos teñen instalada algún tipo de Windows.

O Vista provoca, en certa maneira, expectativas similares ás que produce cada nova entrega cinematográfica de *Star Wars*.

Haberá quen diga que a saga non dá máis de si.

Pero, outros, estarán facendo acampada en Redmond, á espera da estrea oficial.

Pero seguro que todo o mundo irá a ver a estrea.

Novidades (por puntos)

- Os sistemas operativos degrañanse. Non... non é que co tempo e co uso o programa principal que corre no compu-

tador empece a facer cousas inmoraís, senón que se trata de algo moito máis simple: o rendemento dos sistemas, como nos seres humanos, decae. Windows Vista, segundo se comenta en News.com, tería certos compoñentes de santo milagreiro, xa que incluíría unha serie de ferramentas para evitar a degradación. Isto apoiaría en varias medidas, como a posta en marcha automática de desfragmentacións de disco cada certo tempo. Con esta operación traballaría a prol de uni-los ficheiros que temos no computador e que poden andar desmembrados en diferentes compartimentos do disco duro. Algo así como un traballo de reensamblaxe intensiva. Estes datos coñecémolos vía (non deixa de ser irónico) Todolinux.com.

- O sistema Vista seguirá, en certa medida, as nosas pegadas. Terá, por así dicilo, a capacidade de interpretar as pautas do usuario, monotizar que aplicacións executa con máis frecuencia e cargalas na memoria cando se cargue de novo o sistema operativo ó acender o equipo. Algo así como entrar nun local hostaleiro e que che pregunten, dende a outra beira da barra: "Que lle poño? O de sempre?".

- Traballará e controlará de maneira máis sinxela o hardware do computador, localizando e arranxando problemas internos incluso antes de que ocorran, anticipando deste xeito hipotéticas perdas de información.

- O funcionamento terá melloras, e haberá menos tempo entre o acto de clipear nunha icona e obter unha resposta. Dito doutra maneira: se emites unha orde, o equipo en cuestión obedecerá o máis rápido posible.

- Incluirase unha icona no panel de control que permitirá controlar o rendemento do sistema.

- Os tempos do arranque inicial serán máis breves. Xa non haberá que poñerse a ler a prensa mentres o sistema colle folgos,

sexa dende o apagado ou dende o descanso.

- Curtalumes de dúas vías (*inbound e outbound*) que non estará habilitado por defecto.

- Minimizarase á metade a cantidade de parches ceibados nos primeiros tres meses.

- Segundo apunta Microsoft, "será a versión máis segura e confiable desenvolvida ata o de hoxe, e as características especiais de Windows Vista protexen contra a última xeración de ameazas, como vermes, virus e malware en xeral" (cómpre sinalar que xa hai quen se amosa escéptico neste momento, posto que só tres ou catro días despois de que se dese a coñecer a versión en probas, propagouse a nova en Internet de que xa había un virus especialmente desenvolvido para Windows Vista).

- O Windows Vista será máis esixente no que se refire á capacidade dos equipos nos que vai estar instalado. É dicir: non lle valerá calquera. Este sería o anuncio no taboleiro de *Buscas* en calquera xornal no caso improbable de que ós creadores de Vista se lles ocorrese anunciar o seu produto en tan inusitada sección: "Necesítase computador que cumpra un mínimo de hardware para correr de xeito óptimo, 512 mb de memoria DRAM, lector de DVD e tarxeta de vídeo con DirectX 9.0. Absterse computadores con lector de CD e que non sexan abondo potentes nos seus microprocesadores".

- Incluirá iconas e cartafolios translúcidos.

- Buscas internas. O Windows Vista incorporará buscadores de contidos no disco duro por aplicación, que se podería converter en metabusca de contidos dentro dun tempo.

- Ferramentas anti-instalación de programas sen coñecemento do usuario, sobre todo programas espía. Preténdese combater o software espía con certas medidas como a inclusión dun *login* separado para o administrador.

- Está claro que as novas funcionalidades das que falamos máis arriba son só unha pequena parte dun amplo paquete de funcionalidades. A comunidade internauta está practicamente de acordo en que debaixo da manga de Bill Gates hai un par de cartas que ben poderían ser ases. Máis ou menos, todo o mundo coincide no mesmo punto: hai que esperar a final de ano para ver que pasa. Se cadra, xa no mes de novembro escoitamos os primeiros arranques da gran máquina publicitaria, porque está claro que o Vista non se vai poñer na rúa sen unha minuciosamente exhaustiva campaña de *marketing*.



Se tivéssemos que datar a rede Internet poderíamos topor con moitos problemas, xa que hai que vai os comezos da rede ARPANET, dependente do Departamento de Defensa dos EE.UU. e que foi un dos moitos xermolos do que hoxe coñecemos como a Rede, e que data de 1969, de aí que haxa que sostén que a Internet ten 36 anos, pero iso non deixa de ser un reduccionismo bastante esaxerado, xa que da conexión de dous equipos nunha rede en concreto a falar dunha rede de redes hai todo un abismo.

De feito, a propia ARPANET funcionaba mediante o protocolo NCP (actualmente en desuso) e o que parece ser a base do entendemento dos equipos na rede actual sería o protocolo TCP/IP que se implantaría en ARPANET en 1983, cando xa poderíamos situar un comezo máis razoable para unha Rede en estado embrionario.


Non sería ata 1984 cando os militares norteamericanos separasen ARPANET da súa rede (MILNET), e pouco a pouco fóronse adherindo distintas redes europeas e de outras partes do mundo no que sería unha grande rede internacional na que practicamente só había presenza de universidades e investigadores ata que en 1991 a NSF permitiu o uso comercial da Internet. Temos así que o 91 foi o ano chave nos EE.UU., aparecendo servizos coma o de American Online, que achegaba o acceso ás redes de ordenadores dende o fogar (a través do fío telefónico) centrándose o seu uso no lecer electrónico, tanto en descargas de programas coma en xogos.

1995

Pero Europa, e en particular España, estaba algo retrasada no que supón o uso privado da Internet, polo que se lanzaron distintos sistemas de acceso telefónico á Rede, destacando especialmente o caso de Infovía, que era unha rede construída por Telefónica que permitía a consulta de certas páxinas web e o acceso a provedores de acceso á Internet (ISP), de xeito que os usuarios que quixesen acceder á Internet debería pagar por unha banda as chamadas telefónicas a Infovía e, por outra, o acceso á Internet que lle ofrecese o seu ISP.

Podemos lembrar así que os accesos á Rede era sumamente caros, xa que había que pagar polo tempo consumido, e as velocidades tamén eran moi reducidas. Ademais, o uso da Internet limitábase case en exclusiva á consulta de poucas páxinas web e ó uso do correo electrónico e mailo IRC (para *chatear*).

Naquel momento o acceso á web realizábase a través do recente (e en constante evolución) Netscape Navigator (programa que popularizou en España o verbo *navegar* en referencia á consulta da World Wide Web) e o Windows 95 de Microsoft renegaba da Internet en favor dunha rede propia coñecida coma MSN e que sería un rotundo fracaso. No tocante os buscadores practicamente había 2 importantes e moi distintos: Yahoo! (que era un índice



temático de páxinas web que sería imitado por dúcias de empresas en todo o mundo) e Altavista (que era un explorador automático de páxinas para catalogar o seu contido e facilitar as buscas).

Tamén sería o ano no que se lanzou Amazon.com como a librería a través da Rede. Iniciativa que prosperou ata se converter na tenta máis grande que opera na Internet, vendendo dende películas en DVD ata roupa. En Galicia tamén comezaban os pasos na Internet, e mentres aparecían cada vez máis internautas nas universidades, unha empresa rexistraba o primeiro dominio galego privado: iaga.com.

1996

Tralos difíciles comezos, a Internet ía espallando a súa palabra entre a poboación, e a xente comezaba a saber que había algo moi importante que saía habitualmente na prensa, pero que aínda era un grande descoñecido. Yahoo! comezou a ser unha palabra popular, o 87% dos internautas empregaban o popular



Netscape Navigator no que sería unha loita encarnizada con Microsoft e o seu Internet Explorer e moitas novas apostas chegaban á Rede.

Así, Microsoft vía que algo lle faltaba á Internet, e intentou crear canles de contidos que chegasen o usuario sen que el o pedise, ou sexa, unha especie de subscrición a páxinas web no que deron en chamar tecnoloxía *push* e que non funcionou nada ben, xa que as canles para Internet Explorer son algo totalmente esquecido hoxe en día, aínda que paradoxicamente agora teñen moito éxito os contidos difundidos a través de *feeds* RSS.



Vieiros.com

Outro grande invento aparecería no 96 que cambiaría o xeito no que moitos ven a Rede, pois nacía eBay, a casa de poxas a través da Internet máis popular do mundo, e que tamén tivo moitos imitadores (a meirande parte deles xa desaparecidos ante a imposibilidade de competir co pioneiro no sector).

Para os usuarios unha aplicación tamén cambiou o xeito de ver a Internet, xa que o ICQ achegaba a mensaxería instantánea, algo que hoxe se realiza con programas coma o Messenger de Microsoft e que está incluso gañando o pulso ó correo electrónico. Estaríamos nun ano de espectacular crecemento de negocios na Internet e sería o comezo da famosa *bur-bulla tecnolóxica* na que se medía ás empresas polos seus beneficios



futuros sen contar con indicativos de confianza (baseándose no feito de que os usuarios actuais se converterían en ingresos económicos anos despois).

En Galicia notouse especialmente xa que a xente comezou a conectarse a través de Infovía e buscaba información rexional, polo que a necesidade de ter algún medio de comunicación deu na creación de Vieiros, todo un referente na Internet galega.

1997

Definitivamente o ano no que a Internet saltou ó grande público, con grandes acontecementos nos que a Rede xogaba un importante papel. Así, os eventos importantes tamén se transmitían a través da Internet, de xeito que os usuarios podían seguir en tempo real a partida de xadrez entre Garry Kasparov e o Deep Blue, ver imaxes do planeta Marte tomadas



Garry Kasparov enfronte a Deep Blue

por unha misión de exploración, etc. Tamén era o momento chave na compra/venda de nomes de dominio de Internet, chegando a venderse business.com por 150.000 dólares (que se revendería en 1999 por 7,5 millóns de dólares).

10 anos enredando



Galicia avanzou un pouco máis, entrando no que son os negocios a través da Rede. Deste xeito a tradicional Armería Álvarez transcendía o seu catálogo do papel á web, converténdose en todo un exemplo a seguir e tamén nacía a comunidade virtual do transporte coñecida coma Logazpi, que mediante a súa *Zona de Carga* se establecería como a primeira plataforma P2P galega de certa sona.

1998



Larry Page e Sergey Brin fundan Google.

Xa se confirma que a Internet é unha revolución imparabile, superando nos EE.UU. á televisión en tempo consumido polos seus usuarios, o que tamén se notou en certas prácticas negativas, coma a do correo lixo, que durante o 98 superou en volume ó correo lexítimo, no que parece unha tendencia imparabile (en 2005 a cantidade de correo lixo chega ó 87% do total) Pero se hai algo relevante en 1998 é a chegada dun novo buscador de Internet que revolucionaría o sector de xeito importantísimo: Google. Así, dende un garaxe os estudantes Larry

Page e Sergey Brin prepararian un buscador tan atractivo e sinxelo que remataría cos seus moitos competidores de xeito que hoxe está case so (quedando só o veterano Yahoo! para facerlle fronte).

En España os internautas tivemos que vivir o cambio da rede Infovía, que pasaba a chamarse Infovía Plus, e que dividía o seu sistema en múltiples nodos locais, de xeito que soportaba un número de usuarios moi superior, xa que ata o momento só soportaba entre 15.120 e 32.000 usuarios simultáneos (cantidade que ía en aumento segundo avanzaba o ano en curso). Esta migración realizaríase entre finais do 98 e comezos do 99.

1999

O ano do terror para os responsables tecnolóxicos era o 2000 polo que chamaban o *bug do milenio* ou o *efecto 2000* (Y2K), xa que moitos sistemas informáticos só trataban os anos con dous díxitos, polo que non distinguirían o ano 2000 do 1900 e podería producir consecuencias insospitadas. Esta alarma traducíuse en investimentos millonarios en tecnoloxía e persoal, en toda unha renovación tecnolóxica que beneficiaría enormemente as iniciativas que nacera da Internet, polo que foi todo un *boom*, que en España se viviu especialmente a través da saída a bolsa da filial de Telefónica chamada Terra.

As accións de Terra saíran ó parqué a 11,81 euros cada unha chegando a cotizarse a 150 euros ó ano seguinte.



Terra sae a bolsa.

2000

Despois de sobrevivir á suposta catástrofe da chegada do ano 2000, dous acontecementos centraron a información: a crise das empresas tecnolóxicas e a chegada das tarifas planas a España. Así, moitas empresas a nivel mundial viron como os esaxerados investimentos realizados en 1999 pasaban factura, e non era posible soste-la previsión de ingresos, o que iniciou unha caída nas cotizacións en bolsa das compañías de xeito que entre mediados de 2000 e comezos de 2001 pecharon moitas empresas tecnolóxicas e a meirande parte tivo que redimensionarse para adaptarse á realidade.

O exemplo de Terra tamén serviría para este ano, xa que curiosamente en poucas semanas as accións da compañía pasaron dos 150 euros a menos de 5, mentres que certos altos directivos se desfacían das súas participacións no que se sospeitaba que era uso de información privilexiada, ou sexa,

que houbo que sacou moito partido deste *boom* mentres que os pequenos accionistas pagaron o pato.


No tocante as tarifas planas, comezaron a comercializarse en España conexións á Internet que habitualmente se limitaban ó horario reducido das liñas telefónicas (de 6 da tarde a 8 da mañá) a prezos que andaban polas 3.000 pesetas, mentres que as conexións de 24 horas tiñan prezos desorbitados (normalmente por enriba das 10.000 pesetas/mes). Os usuarios tamén comezaban a aproveitar as conexións que non se facturaban por tempo para descargar contidos a través de redes de intercambio de ficheiros, o que fixo que o Napster se popularizase en todo o mundo, aínda que iso tivo unha clara consecuencia: a industria discográfica tomou medidas legais contra Napster por incitar ós usuarios a descargar música ilegalmente da Internet.

2001

Falabamos de que a industria discográfica estaba a tomar medidas contra Napster, e iso materializouse en febreiro de 2001 cunha sentenza que forzaba a Napster a evitar a compartición de ficheiros protexidos por dereitos de autor, o que rematou coa rede P2P máis popular ata o momento no que se considerou coma un

dos peores pasos dados pola industria do copyright xa que deu vida a toda unha gama de redes de intercambio que quería coller o relevo de Napster. Deste xeito KaZaA ou AudioGalaxy convertéronse en programas moi populares chegan a ter un número de usuarios sen precedentes (KaZaA converteuse en 2004 no programa informático máis descargado da historia).

En 2001 tamén rematou a crise das industrias tecnolóxicas, que



só miraban para o futuro, en vista dunha futura recuperación, pero en España os consumidores estaban máis preocupados por outras cousas, como esas catro letras que

se agrupaban no acrónimo ADSL. Así, España comezaría a ver como nacían os accesos a Internet de banda larga dende o fogar e as empresas, coa vantaxe de non ter que ocupar a liña telefónica para tal fin. A oferta de ADSL, pese a ter un prezo elevado, permitía conexión as 24 horas do día e pese a iniciar con velocidades modestas (256 Kbps) atraeu ós consumidores de xeito importante polo que no mes de novembro de 2001 xa se contaba con 400.000 liñas de ADSL.

2002

Cos accesos de alta velocidade como



Steve Jobs chegou á portada de Newsweek grazas ó éxito do seu iPod.

referente, os contidos a través da Internet comezaban a ter relevancia, popularizándose de xeito especial os contidos multimedia, que xa chegan ó mundo real, polo que Apple lanzaba o seu iPod, que actualmente xa é o reprodutor de ficheiros de audio máis vendido a nivel mundial. As redes de intercambio de ficheiros tamén querían resolver o problema de ficheiros cada vez máis grandes, e optimizábanse dando lugar á rede BitTorrent (que goza de moi boa saúde actualmente, aínda que perdeu forza fronte o eMule, que actualmente e a aplicación de P2P máis empregada a nivel mundial).

Algo máis aconteceu sen que o usuario apenas se decatase, xa que rematou a guerra dos navegadores de Internet de xeito devastador, xa que o Internet Explorer de Microsoft fíxose co 96% do mercado, quedando o resto de alternativas nun posto totalmente residual.

2003

Cando as conexións por ADSL e cable comezan a ser algo habitual, o consumidor comeza a decatarse de que hai solucións no mercado a bo prezo que lle permite librarse dos cables, e non só proliferan os teclados e ratos sen fíos, senón que a tecnoloxía Wi-Fi baixo o estándar 802.11b colle unha forza impresionante, por permitir conexións a 11 Mbps sen cables. Tamén en 2003 se ratifica o estándar 802.11g, que permite mellorar as comunicacións por Wi-Fi ata chegar a velocidades de 54 Mbps, o que potencia aínda máis a capacidade deste tipo de redes e incita ós usuarios a adoptar este tipo de conexións con dous usos principais: acceder á conexión doméstica de Internet e formar

comunidades cos veciños.

Hoxe podemos dicir que o número de comunidades organizadas a través de Wi-Fi e reducido, pero o número de usuarios que empregan redes sen fíos para conectarse á súa saída á Internet dende o fogar ou dende as empresas e tan elevado que incluso hai zonas nas que as frecuencias empregadas por este tipo de redes están sumamente saturadas e dificultan a conexión.

2004

Se o Wi-Fi foi a estrela de 2003, en 2004 e 2005 hai outra tendencia que arrasou e continúa con forza: as bitácoras. As bitácoras de Internet ou *weblogs* (tamén chamados *blogs*) son páxinas web de doada administración na que os usuarios poden publicar novas, comentarios, impresións... ou sexa, que é a evolución da típica páxina persoal, que nalgúns casos resulta certamente íntima e noutros se transforma nun auténtico medio de comunicación de referencia.

Deste xeito, calquera usuario de Internet pode aproveitar a web para chegar a todo o mundo, creando unha certa interacción que antes parecía imposible e que evolucionaría moito nos seguintes meses.

2005

Distinguir o que pasou neste ano con respecto o anterior é difícil, pero seguindo o fío do éxito das bitácoras, poderíamos dicir que agora estamos no apoxeo das súas variantes. Temos así o *podcasting* (a publicación de ficheiros de audio a xeito de bitácora) e os *vlogs* (ou *blogs* de vídeo) están comezando a súa andaina e podería dar moito xogo no futuro. Hai incluso quen pensa que os podcasts poderían coller o relevo da radio en vista do éxito dos reprodutores de MP3, xa que así os usuarios poderían descargar os contidos de audio que lles interesasen para reproducilos en calquera momento, no que sería unha *radio á carta*.



Os *vlogs* pola súa banda serían unha evolución das bitácoras para os amantes do audiovisual, grazas ó abaratamento dos prezos das cámaras de vídeo dixitais e dos sistemas de edición, polo que nos vindeiros meses poderíamos levar máis dunha sorpresa por aparecer canles de comunicación descoñecidos ata o momento e que non só poderían chegar a través do ordenador, senón que podería estar accesibles dende o móbil, de aí que poida supor toda unha revolución.

Tu potencial, nuestra pasión.™
Microsoft



NOMBRE

Don 50.000
usuarios de móvil
con acceso remoto
conectados sin VPN.

NISSAN

© 2005 Microsoft Corporation. Todos los derechos reservados. Microsoft, el logo de Windows, Windows Server, Windows Server System, y "Tu potencial, nuestra pasión", ambas marcas registradas o marcas de la Corporación Microsoft de Estados Unidos, o de otros países. Los nombres de compañías, marcas y productos mencionados aquí, deben ser la marca de sus respectivos dueños.

"En Nissan, esperamos ahorrar al menos 135 millones de dólares anuales gracias a la eficacia que nos proporcionan Windows Server 2003 y Exchange Server 2003."

Toshihiko Suda
Senior Manager de Nissan Motor Company, Ltd.

Construya su reputación con Windows Server System. La última versión de Microsoft® Windows Server System™ hace posible que más de 50.000 empleados de Nissan en todo el mundo, tengan un acceso remoto más seguro a su correo electrónico y su agenda desde cualquier conexión de Internet, sin ningún tipo de riesgo ni el gasto que supone una red privada virtual (VPN). ¿Cómo? Gracias a Windows Server™ 2003 y Exchange Server 2003, el departamento de informática de Nissan no solo cumplió los objetivos de su Director General de conseguir una mejor colaboración a nivel global, sino que esperan ahorrar al menos 135 millones de dólares simplificando la infraestructura de sus comunicaciones. Para conocer la historia de Nissan en profundidad y para encontrar un partner certificado de Microsoft que le asesore sobre su propio caso, visite www.microsoft.com/spain/servidores

Microsoft
**Windows
Server System™**



"A sociedade falla se un diminuído físico, non pode acceder á información"

Entrevistamos á responsable de Yagly.com, unha empresa galega que traballa para as webs de cada día sexan accesibles para todos

Pensamos algunha vez nos problemas nos que se atopa unha persoa discapacitada á hora de poñerse perante un computador para acceder á Rede? Algo tan sinxelo como estar diante dunha páxina web non está ó alcance de tódolos galegos, e iso que, polo menos en teoría, vivimos na Sociedade do Coñecemento. Calquera proxecto que poida contribuír a que non haxa barreiras entre a información e tódolos cidadáns debe ser ben acollido. Neste número de Código entrevistamos a unha persoa que está a artellar novos métodos para achegarse á Rede. Trátase da responsable da empresa Yagly.com, Patricia Ferrol, que nos quita por fin a venda dos ollos para que vexamos, claramente, que o mundo da informática non se reduce a deseños en Flash, datos dispersos, imaxes rechamantes e múltiples botóns onde premer. Hai opcións. E, ademais, cargan antes.



CARLOS ROMA

-Como se consegue que os discapacitados teñan facilidades para acceder á Rede?

- Repetidas viaxes en Internet nos deron a resposta. Somos dous informáticos que teñen dende hai tempo a intención de abrir novos camiños. Queríamos que fose algo novo, algo noso e concreto. Non queríamos facer unha empresa polo feito de facela. Tivemos contacto con persoas discapacitadas, sobre todo con persoas cegas case ó 100% que nos tiveron ó tanto dos moitos problemas que tiñan para acceder a Internet...

- Como é posible que un cego poda acceder á Rede?

- Eles teñen uns navegadores que len o que van atopando nas webs. Coñecemos a un mozo en concreto que unicamente era quen de ver un pequeno raio de luz que non lle valía para nada. O rato tampouco lle era útil, por motivos obvios. Non importa que se deseñen ratos para discapacitados que vibran cando detectan un *link* de interese. Isto para as persoas cegas era unha iniciativa de broma, xa que vibraba pero eles non sabían con motivo de que tipo de web. O rato vibraba pero non tiñan maneira de coñecer o que pasaba debaixo.

- O navegador do que nos falas era algo que se poida denominar "práctico"?

- O navegador vai lendo a web, vai na contando e vana interpretando. É como se as persoas cegas tivesen a alguén ó seu carón que lle vai poñendo voz ó que ve. As persoas cegas atopan os menús ca tecla Intro. Pero esta ferramenta leva consigo problemas...

- Cales?

- Canto máis deseñadas son as páxinas webs para o resto das persoas, canto máis bonitas e máis explosivas, máis dificultoso é o acceso para os discapacitados. O deseño vai na súa contra. Se distribúes a información en distintos cubos, menos opcións terán estas persoas de ler o que se presenta na pantalla. A dispersión dos datos só leva consigo a ilexibilidade. Tamén teñen un teclado *braille* impresionante, que vale un millón de pesetas. É carísimo, igual que o navegador



do que falaba antes. Cremos que é unha mágoa facer proxectos que non cheguen a todo o mundo. É absurdo. Convértese algo como a idade da comunicación na idade da incomunicación. E deixamos excluído a un colectivo moi grande de xente. E non só falamos de discapacitados con cegueira, senón que tamén hai moitas persoas que teñen moita dificultade para usar as mans...

- E é aí onde actúa Yagly.com?

- Exactamente. Estamos chegando a un mundo en que Internet deixa de ser un *boom* de contidos brillantes en deseño para pasar a algo que podamos entender todos. É un falta da sociedade que alguén, por ser diminuído físico, non poda acceder á información nas mesmas condicións có resto da xente.

- Entón Yagly que fai? Quitalle o bonito da páxina?

- Adaptámonos á programación internacional de accesibilidade. Hai tres niveis que ti podes cumprir coa túa programación. Nos collimos o nivel estrito, porque de meternos, decidimos meternos de verdade. A forma de traballar é a seguinte: ás nosas páxinas lles podes quitar todo o que é *java script*, deseños *flash* ou imaxes e vanse comportar igual, exactamente. Pode verse a web como unha folla tipo texto, como un documento. Os menús, ademais, teñen as teclas con accesibilidade e a persoa que ten dificultade sabe que se hai un menú que se chama "Entrar", permíteselle acceder a el cun xogo de letra máis "E". As nosas páxinas están operativas tanto con navegador para diminuí-

dos como con Explorer, Mozilla e demais. Nós o que facemos é sacar da páxina todo ese revestimento de deseño para deixala igualmente navegable, pero para todo o mundo.

- Falas da rapidez de navegación que posibilita o texto plano. Estas solucións poderían aliviar os problemas que leva consigo unha mala conexión a Internet?

- Claro, non todo o mundo ten accesos e computadores en óptimas condicións, malia que tendemos a pensar que si.

- Vos sacrificades o deseño da páxina pola utilidade?

- Non, non. Nós, o deseño da páxina facémolo igual para que se vexa en computadores estupendos e maravillosos, e cando unha persoa non ten eses medios físicos, a nosa web compórtase exactamente igual. É dicir: se hai elementos *flash* no deseño ordinario, ten que haber un contido alternativo para cando esa web se presente perante unha persoa que non pode ver o *flash*. Un contido de texto que sempre se poda ler. Igualmente coas imaxes e *co java script*.

- Vós dicides que as vosas páxinas non tardan en cargar máis de 9 segundos...

- Nós programamos nas ferramentas que utiliza todo o mundo, agás casos excepcionais. Cando programamos imos cronometrando e pulindo o código de tal forma que non tarden en cargar máis de nove segundos e se cadra para algunhas sexa moito tempo.

- Calquera persoa ou empresa que teña unha web sen código accesible pode vir a nós para transformala e que sexa lexible para todo o mundo?

- Exacto. Calquera pode vir. E este é o momento preciso para facelo, porque xa existe a Lei 34/2002 do 11 de xullo, "Accesibilidade para as persoas con discapacidade e de idade avanzada á información proporcionada por medios electrónicos", que di que a partir do ano que vén vai ser obrigatorio para as páxinas oficiais cubrir uns criterios mínimos de accesibilidade.



REDACCIÓN

A nova Consellería de Innovación xa está en marcha. Paseño pero sen pausa, semella que os seus novos membros do departamento están a consolidar as liñas de actuación. Se lle botamos unha ollada á prensa os días pasados, veremos que o conselleiro, Fernando Blanco, está dalgún xeito a bosquexar o que será o groso do seu programa.

En Vigo, con motivo da morte dun traballador en accidente laboral, comentou que é urxente un acordo entre a Xunta e os axentes sociais para minimizar en todo o que se poida a siniestralidade neste eido.

En Vilagarcía, con motivo da feira ExpoOferta ZonaAberta avogou pola rápida modernización do pequeno comercio galego. Con este fin, elaborárase un plan de mellora que inclúa partidas de investigación e desenvolvemento. Dito doutro xeito: é necesario que o comercio galego compita nun mercado cada vez máis global, facendo uso de todo o que estea ó seu alcance, incluíndo (por suposto) as ferramentas da Sociedade da Información en calquera das súas modalidades.

As medidas tomadas ata o momento evidencian un interese por meter no carro da modernidade incluso aquilo que nunca se concebiu como moderno. Así encaixan medidas como a de destinar 1.401.032,91 euros ás obras de rehabilitación do Pazo de Lestrove (Dodro) e do albergue de San Xusto de Toxosoutos, en Lousame, e á construción dun centro de interpretación da vida monacal no Mosteiro de San Pedro de Rocas en Esgos, Ourense.

Como director xeral de I+D teremos a Salustiano Mato de la Iglesia, doutor en bioloxía pola Universidade de Compostela, e será unha das persoas que máis competencia teña en Galicia sobre as cuestións que máis preocupan ós internautas, ás empresas e ó sector tecnolóxico galego en xeral. Neste eido, terá igualmente unha importancia de primerísima orde o labor da directora xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información, María Elena Veiguela Martínez.

A meirande parte dos novos nomeamentos, tanto nesta como noutras consellerías, son de persoas con formación técnica estreitamente vinculada ó eido universitario.

A continuación, facemos un reconto polo miúdo das súas traxectorias profesionais.

Conselleiro de Innovación e Industria **Fernando Xavier Blanco Álvarez**

Nacido en Lugo en 1959, é traballador de Telefónica, onde desempeñou o seu labor como supervisor de loxística. Actualmente está en excedencia.

É portavoz do BNG no Concello de Lugo, onde se ocupa das áreas de Economía, Urbanismo, Infraestruturas e Turismo. É concelleiro desde 1995 e ocupa o cargo de portavoz desde o 2003.

Foi portavoz do BNG na Deputación Provincial de Lugo no período 1995-2005 e é deputado do BNG no Parlamento galego.

Asemade, forma parte das seguintes fundacións: Fundación Feiras e Exposicións, Fundación San Calixto, Fundación Rof Codina, Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

É voceiro do Consello de Catastro Territorial, da Asemblea Xeral de Caixanova e é membro do Consello de Administración da Empresa Municipal do Solo, así como do Consello Económico e Social e do Comité Executivo do Plan Estratégico de Lugo.

Foi presidente da Comisión de Control do Fondo de Pensións de Caixa Galicia.



Conchi Paz

Director xeral de Industria, Enerxía e Minas **Anxo Ramón Calvo Silvosa**

Nado na Coruña en 1967, é doutor en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade da Coruña e Licenciado en Ciencias Empresariais pola Universidade de Santiago. Hoxe en día, ocupa o cargo de vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica da Universidade da Coruña e Profesor Titular da Área Económica Financeira e Contabilidade.

Asemade, é membro do Consello Económico e Social, do Consello de Administración do BIC Galicia e dos padroados das fundacións da Universidade da Coruña e do Parque do Río do Pozo de Ferrol. É especialista en temas de estratexia e planificación económica.



C.P.

Directora xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información **María Elena Veiguela Martínez**

Pertence ó corpo de catedráticos de matemáticas de Bacharelato, actualmente en excedencia. En xaneiro de 1993, ingresou no Corpo Superior de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Administración Xeral do Estado. Ata o de agora, veu desenvolvendo o cargo de subdirectora xeral de Tecnoloxías e Sistemas de Información do Ministerio de Cultura da Administración Xeral, posto no que cesa. Ten dirixido directamente proxectos relacionados coa introdución da Sociedade do Coñecemento, como son:

- Proxectos informáticos de información e servizos culturais do Ministerio de Cultura (1997-2005).
- Proxecto Mentor, formación de adultos non regrada, a distancia e a través de vía telemática, con destino a zonas desfavorecidas e sen oferta formativa (1992).
- Proxecto Atenea, de introdución dos computadores nas escolas e centros de secundaria (1984-1996).



C.P.

Secretario xeral da Consellería de Innovación e Industria **Emilio Nogueira Moure**

Nado en Pontevedra en 1969. Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago (USC) de Compostela en 1992. Especialista en Comercio Exterior pola USC en 1993. Posgrado en Economía dos Recursos Naturais e Medioambiente (Universidade de Alcalá de Henares) en 1997, diploma de especialista sobre a Unión Europa-Galicia da Asociación Galega de Estudos Europeos. Foi membro do Grupo de Investigación de Economía Pesqueira e Recursos Naturais da USC durante varios anos, participando en numerosos proxectos e na elaboración de diversas publicacións e documentos científicos.

Realizou estadias como visiting scholar-honorary fellow no Departamento de Economía Agraria da Universidade de Wisconsin-Madison (EE UU) en 1994 e 1995.

Desde 1997 é responsable técnico de alternativas programáticas do Bloque Nacionalista Galego (BNG), responsable de economía do Gabinete de Estudos e Asesor Parlamentario do BNG.

A Xunta bebe da universidade

Facemos un repaso polos novos ocupantes da Consellería de Innovación, o departamento que dirixirá a vida tecnolóxica dos galegos

Os edificios da Xunta seguen en aparencia igual, pero dentro, nos seus despachos, hai caras novas. En materia de Sociedade do Coñecemento e novas tecnoloxías, será a Consellería de Innovación a que asuma a responsabilidade (entre outras moitas) de facer que as empresas galegas lle perdan o medo a modernizarse e a usar as novas ferramentas nos seus procesos. Ademais, teñen por diante unha tarefa de envergadura, un deses retos que poden chegar a provocar serios crebadeiros de cabeza: convencer ós emprendedores do noso país que teñen tantas posibilidades de ser tan competitivos como poidan chegar a imaxinar... ou máis. A maiores, os integrantes da nova Consellería de Innovación afrontan, en certa maneira, outra aparente "misión imposible": a de facer que os galegos fagan o mesmo con Internet do que xa fixeron co móbil: deixar de pensar que é cousa do demo. Dito doutra maneira: terán que achegar montaña ó profeta, xa que este segue a estar reticente de porse en marcha.

Salustiano Mato, novo director xeral de I+D, aposta polo "retorno dos cerebros"



C. P.

REDACCIÓN



Salustiano Mato de la Iglesia asumirá oficialmente o cargo de director xeral de Investigación e Desenvolvemento (I+D) o luns 29 de agosto, e o panorama que albiscou desde esta "liña de saída" é abondo esperanzador, sobre todo no que se refire a potencial científico e investigador, de medios e de persoas. Este punto será, dixo perante os medios de comunicación, unha das chaves da súa xestión: o capital humano especializado. Neste sentido, Mato de la Iglesia subliñou que traballará por evitar a "fuga de cerebros", un fenómeno máis vixente e actual do que se pensa. "Que non marchen ó exterior os nosos investigadores", explicou, "porque se un país quere ser ambicioso ten que apostar fortemente pola I+D, e iso pasa por comprometerse todo o que se poida cos investigadores". Na súa opinión, non só precisamos que volvan acó os científicos galegos que están fóra de Galicia senón que tamén necesitamos atraer a novos profesionais: "Queremos que Galicia sexa atractiva para estas persoas, e non estamos falando

de atraelas con bolsas nin tampouco de reter ós galegos con este método, senón con contratos".

Mato de la Iglesia asume ademais outro gran reto: achegar o coñecemento da Investigación e o Desenvolvemento ás empresas galegas. "Temos un tecido científico galego de moito prestixio, e hai que fusionar estes dous eidos, o universitario e o empresarial, facendo que o sistema público de I+D sexa o motor da I+D do sector privado", comentou. Ó seu xuízo, hai moitos sectores nos que cómpre apostar, como por exemplo o da alta tecnoloxía e o das novas tecnoloxías, tarefa que vai requirir unha estreita colaboración entre as diversas consellerías, subliñou.

Traxectoria vital

Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, é doutor en Bioloxía por esta institución académica e ten realizado o postdoutoramento nas universidades de Cornell e Rutgers dos Estados Unidos, no eido da compostaxe. Na actualidade, ocupa a vicerreitoría de Investigación na Universidade de Vigo,



cargo que ostenta dende 1998. A súa experiencia no eido profesional está moi vinculada ó mundo universitario, no que ten desenvolvido o cargo de vicedecano da Facultade de Ciencias de Ourense; a dirección do departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da Universidade de Vigo ou o decanato da Facultade de Ciencias de Vigo.

Ten sido profesor da Escola Técnica de Enxeñeiros Agrónomos de Lugo; profesor da Facultade de Ciencias de Ourense e, dende o ano 200, exerce como catedrático na Universidade Vigo con docencia na Facultade de Bioloxía. A maiores, publicou máis de cen traballos científicos dos que a metade saíron en revistas do eido internacional, no eido da Ecoloxía do Solo e do Tratamento de Residuos. Igualmente, dirixiu nove teses de doutoramento e numerosas tesinas de licenciatura e proxectos de fin de carreira, así como máis de 40 proxectos de investigación.



Man a man entre Galicia e Polonia no sector da I+D

Galicia e Polonia estarán, a partir de xa, un pouco máis unidas pola Investigación e o Desenvolvemento. Esta é un dos obxectivos da reunión mantida recentemente en San Caetano (Santiago de Compostela) entre o Conselleiro de Innovación, Fernando Blanco, e representantes do Goberno daquel país. Co fin de enxergar cales son os camiños polos que deberá discorrer esta cooperación creárase un grupo de traballo específico. Segundo Fernando Blanco, a Xunta de Galicia quere obter importantes coñecementos da experiencia de Polonia no que se refire a xestión de fondos europeos. A maiores, Galicia podería reforzar as pontes que lle permitiron a empresas como Finsa investir no tecido económico e empresarial do país do Leste de Europa, deixando aberta a posibilidade de novos investimentos. En virtude desta cooperación e, segundo palabras do conselleiro, "Galicia será un pouco máis coñecida en Polonia e desta se falará un pouco máis en Galicia".

Emetel recibe 266.294 euros da Xunta para desenvolver Emetic, unha solución que minimizaría os gastos das empresas en renovación tecnolóxica

A Xunta de Galicia vén de adxudicar a Emetel unha subvención por valor de 266.294 euros, a maior do seu programa tecnolóxico. As axudas irán destinadas ó desenvolvemento de Emetic, unha ferramenta tecnolóxica desenvolvida para as pequenas e medianas empresas que tería a seguinte función: integrar nun único servizo todo o que podería necesitar este tipo de negocios en materia de informática e comunicacións (voz e datos). Esta axuda a Emetel, empresa da Coruña especializada en redes e comunicacións, enmárcase no Programa de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións que concede a Consellería de Innovación. Segundo sinala Emetel nunha nota de prensa, "Emetic supón unha solución de negocio idónea para que as empresas aproveiten e rendabilicen ó máximo o seu investimento en novas tecnoloxías, tratando unicamente cun só provedor, sen necesidade de realizar grandes gastos e contando coa seguridade de controlar tódolos seus sistemas de información".



Novidades

Os organizadores de GaliciaTic queren sentarse, este ano, ó teu carón. De feito, o seu lema para a nova edición de 2005 é “*Máis preto do usuario das novas tecnoloxías*”. Sexas quen sexas (semellan querer dicir), terás cabida neste congreso con tal de cumprir un único requisito: compartir a vida laboral e persoal con todos eses aparellos que forman parte da Sociedade da Información. Para este ano, a organización inclúe unha serie de novidades, xa que entenden que o modelo de congreso, ó igual que a tecnoloxía, debe sufrir un proceso de renovación constante. Deste xeito, o congreso (a celebrar o 25 e o 26 de outubro no Palacio de Congresos de Santiago) contará por unha banda cunha nova estrutura que beneficie ante todo ó participante e cunha vertente máis práctica baseada nos casos de éxito de aplicación das ferramentas tecnolóxicas. Ademais, a organización vai centrar unha boa parte dos seus esforzos en recordar ó asistentes que hoxe en día a tecnoloxía non che obriga a ficar de xeito permanente na oficina, polo que se incidirá nas mellores propostas de mobilidade que existen hoxe en día no país.

GaliciaTic non che collerá o rato do computador para guiarche, pero case.

Que é?

GaliciaTic representa, entre outras moitas cousas, unha nova maneira de entender os encontros tecnolóxicos. Atrás queda o modelo feira, o modelo meramente expositivo onde todo semellaba quedar nunha longa listaxe de boas intencións pero non se chegaba a quen se quería chegar, ós potenciais consumidores deste tipo de servizos. O que temos agora, pola contra, é un formato máis profesional, máis formativo, logo de constatar que do modelo-feira só se podían agardar nubes de fume e pouco máis. GaliciaTic é unha xuntanza dirixida ó centro das operacións, a darlle a volta, na medida do posible, á situación galega no que se refire a novas tecnoloxías: o que parece inamovible (a desidia e a desconfianza do sector económico tradicional galego cara a TIC) é o que hai que mover.

Beneficiarios

A Fundación Empresa-Universidade de Galicia (FEUGA) orienta as actividades deste ano cara un amplo abano de público: empresarios e directivos de pequenas, medianas e grandes empresas, especialistas en tecnoloxía e informática, axentes sociais e persoas implicadas en proxectos dirixidos á sociedade. E aclara, a organización na súa web: “*Todo dende un punto de vista da oferta como da demanda*”. E engade: “*GaliciaTic debe ser ademais un foro de encontro para o intercambio de experiencias e coñecemento en torno ás novas ferramentas, polo que se promoverá a participación activa nas diferen-*

tes conferencias e paneis, a través do debate e a interpretación”.

Punto de encontro

O lugar onde se celebrarán as distintas actividades será, un ano máis (dende 1995) o Palacio de Congresos de Galicia de Santiago. O recinto conta coas características que máis procuran os organizadores deste tipo de encontro, e tamén os propios asistentes: está na capital de Galicia, atópase moi preto dos accesos dende autoestrada, estacións de autobuses e trens e aeroporto e conta cunha serie de salas de diferentes tamaños que se axeitan ás características de cada congreso.


Actividades

GaliciaTic renovouse a si mesma e do que primeiro se desprende foi do vello modelo de congreso. As novas ideas dos organizadores actuaron, principalmente, no programa de actividades, que se desenvolverá seguindo o seguinte esquema:

- Doce paneis temáticos con contidos de actualidade, a través dos que se presentarán novas solucións de negocio baseadas nas novas tecnoloxías. Os contidos van dirixidos tanto a profesionais como ós responsables da aplicación das novas ferramentas.
- Inclúese ademais un foro de experiencias empresarias de éxito no sector. Algo así como sacar á palestra a todos aqueles que abriron camiños empresariais dende Galicia e España, compartindo mesa cos que máis contan no mundo dos negocios. Do que se trata, basicamente, é de que compartan os seus coñecementos e dean folgos ó resto do sector.
- Engádesse outro foro profesional de reflexión sobre innovación e futuro das tecnoloxías e o seu impacto na empresa e na sociedade.
- Almorzos-coloquio en torno a temáticas de actualidade, coa participación de especialistas das aplicacións tecnolóxicas.
- Segunda edición dos Premios de GaliciaTic á Innovación, incluíndo unha nova categoría para recoñecer á empresa que mellor aplicou as novas ferramentas ós seus procesos de negocio.
- Engádesse un tutorial sobre implantación de novos sistemas de xestión de información nos procesos de negocio.

Sete puntos que todo o mundo debería saber...

- En GaliciaTic participan máis de 500 asistentes provintes de tódolos puntos da Península e do estranxeiro.
- Persoeiros de Galicia, España, Inglaterra e América acoden para exhibilas súas estratexias
- O Congreso desenvolverase os días 25 e 26 de outubro no Palacio de Congresos e Exposicións de Santiago de Compostela
- Trátase dunha xuntanza de carácter profesional e empresaria-



A nova edición de GaliciaTic quere poñerse máis preto de nós, os usuarios de tecnoloxía

O congreso que organiza FEUGA desenvolverase en Santiago os días 25 e 26 de outubro

rial, en beneficio das empresas galegas, sexan xeradoras, provedoras ou consumidoras de solucións tecnolóxicas

- Organiza a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) en colaboración con la Xunta de Galicia, La Caixa e o IGAPE.
- Para máis información, convén poñerse en contacto coa organización no 981 57 52 44 /49 ou conectarse vía Internet con estes enderezos: www.galiciatic.com o www.feuga.es.



Vigo Metropolitano,

dous anos de información
local na área de Vigo

VIGOMETROPOLITANO.COM

...Y muy pronto recogerá sus frutos

PAGINA XXI
TELÉFONO PUBLICIDAD 619.304.963

- vigo
- ponteareas
- redondela
- o porriño
- mos
- tui
- baiona
- a guarda
- cangas
- moaña
- salceda de caselas
- as Neves

Primer aniversario

MIÉRCOLES 10 DE NOVIEMBRE DE 2004.

Roberto Ledo, director gerente de www.vigometropolitano.com

"Cumplimos el año de vida con cien mil visitas y estamos en el puesto 59 entre las cien webs más leídas de Galicia"

Nuestro próximo proyecto es salir a la calle en papel e incorporar nuevos desarrollos en Internet

Guti/A Rúa

Periodista de vocación -dejó su trabajo en la

REDACCIÓN



Máis de mil lectores diarios buscan información local nas páxinas desde xornal dixital.

Damos protagonismo, cun espazo propio, a cada un dos 27 concellos.

Foto: Capturar a portada e a portada do confidencial

"Teña coidado. Estamos na tempada de caza do xabarín. Sabemos por onde pasa...". Con istas palabras un lector anónimo quería intimidar a un xornal, w www.vigometropolitano.com, que falaba nun confidencial de que nunha localidade, tal político tiña pouco público nun mitin e que unha especie de 'secretario' dese político, coñecido por 'Cabeza de Jabalí', tiña chamado a atención doutro político que chegou trade ao mitin. "¿Quen é 'Cabeza de Jabalí' para chamar a atención a un alcalde?", preguntábase no confidencial.

Cando hai case dous anos, novembro de 2003, nacía www.vigometropolitano.com, Vm, non podíamos predecir o éxito que tería unha sección como 'El Confidencial'.

Os temas locais dos distintos municipios tratados deste xeito, sen ter que nomear as fontes, son un atractivo para os lectores da área metropolitana. Baixo o pseudónimo de 'Garganta Profunda' danse novas moi próximas que doutro xeito non chegarían a coñecer os lectores. Isto fai que certas persoas pouco tolerantes leven a cousa, cando son principalmente temas políticos, ata os extremos. O director de Vm, Roberto Ledo, xa ten recibido ameazas de morte. Algunha, por certo, con testemuñas diante.

A filosofía desta publicación dixital reside en abranguer informativamente os 27 concellos da área metropolitana de Vigo. A relación entre os municipios e a vidas dos seus veciños é intensa. En Vm pensamos que unha persoa busca ter nun mesmo medio de comunicación información reunida do lugar onde traballa e, á vez, do lugar onde reside ou do lugar que é súa segunda residencia. O número de relación funcionais é increíble e isto ten que reflectirse nun medio como Vm que adianta moita da información que ao día seguinte vaise poder ler nos medios tradicionais en papel.

A opinión do lector nas enquisas sobre temas locais teñen levado a rexistros de máis de 3.000 votos en temas de interese para a cidadanía. Aquí amósase o atractivo que exerce nos lectores o seu ámbito máis próximo.

A estas alturas o lector ten a súa disposición, e completamente gratis, case 9.000 artigos e máis de 4.000 fotografías. Coidamos o arquivo histórico e o mantemos na páxina todo o material e, aínda que non estea visible, indo ao buscador pódese consultar calquera dos artigos publicados.

Vm ten publicado documentos, xa como adxuntos ou como artigos, que aínda séguense a ler hoxe en día. Esta é outra virtude do noso xornal a posibilidade de anexar documentos que amplían a información e a dotan dun carácter máis riguroso.

Os 27 concellos da área metropolitana teñen representación nas nosas páxinas que son como un xornal de xornais, xa que cada concello ten a súa portada cos seus titulares. Os concellos están interesados en que figuren as súas noticias. Incluso tivemos que ampliar a concello como o de Avión que xa pertence a provincia de Ourense, pero que por estar moi vinculado co municipio pontevedrés de Covelo cómpre informar sobre el.

A sección de magazine conta un trintena de seccións maiormente de tipo cultural e sociedade así como economía, medicina ou medio ambiente, entre outras, que van máis alá do local nos seus contidos e que se fan interesantes para xente que non están no ámbito da área metropolitana. Un equipo selecto de colaboradores encárgase dos contidos, moitos, exclusivos para o noso xornal. Deste xeito Vm chega a moitos lectores doutros lugares xeográficos.

Tamén deportes como caza, náutica, ciclismo, golf ou fútbol modesto, entre outros, teñen un espazo no xornal e con grandísima aceptación.

Cando estamos a piques de cumprir dous anos, vigometropolitano.com está situado en 10º postos entre os 20 xornais dixitais de Galicia. E das 50 webs de Vigo máis visitadas ocupamos o 6º lugar desde hai meses. Entre as 100 web galegas oscilamos entre o posto 30 e o 50.

Tamén os anunciantes apostan por unha publicidade dinámica que chega cada día as máis de 1.000 lectores que consultan Vm. O futuro é prometedor. A xeneralización de internet vai propiciar cada vez máis que este sexa o medio a través do que se canalice unha información rápida e atractiva, sen as servidumes do papel. Agardamos seguir medrando en número de lectores neste medio de comunicación aos que tentaremos ofrecer unha mellor información cada día.

VIGOMETROPOLITANO.COM

Rias Baixas

Turismo

Las Rias Baixas se sitúan como la octava zona turística española con mayor número de pernataciones durante el mes de julio

Martes 22 de agosto de 2004 por Ym

Las Rias Baixas continúan entre la octava zona turística más popular de Galicia durante el mes de julio, según los datos de "Reportes Turísticos Internos" del sector público del Ministerio de Turismo (MIT). Así, en el mes de julio se registraron, en esta zona, 476.444 visitantes, de los que 445.444 fueron de procedencia en España y los 31.000 visitantes fueron de procedencia en el extranjero.

Además, durante el mismo mes, llegaron a las Rias Baixas 1.122 turistas extranjeros.

Breves

- 2 de septiembre: Un sistema de alerta en zonas de riesgo de inundación en Redondela y O Porriño
- 2 de septiembre: Clavado de un autobús en Ourense
- 2 de septiembre: La Policía autonómica detiene al presunto autor del atentado perpetrado en Combarro, en un acto celebrado en...

VIGOMETROPOLITANO.COM

Todas las noticias

Vigo

A Xunta e maillo concello avanzaron hoxe na posta en funcionamento do Plan de transporte metropolitano da cidade e a súa área de influencia

Jueves 22 de septiembre de 2005 por Ym

O director xeral de Transportes da Consellería, José Carlos Balboa Márquez, e o concelleiro vigués Antonio Coelho, xunto con técnicos de ambas as administracións, analizaron hoxe as previsións de funcionamento do Plan que abrangue o transporte urbano, o interurbano e o marítimo para a área de Vigo. Na xuntanza de hoxe, segundo comunicou da propia consellería, acordouse que, no futuro, e cando sexa aprobada polo Parlamento galego a Lei da Área Metropolitana de Vigo, serán os órganos (...)

Breves

- 22 de septiembre: "Fulano, Mangano e Clano" o venres en Redondela
- 22 de septiembre: Mañá inaugúrase, no Porriño, O Centro Neural e Seminario de Empresas
- 22 de septiembre: El BNG reclama medidas de seguridad vial en las calles Manuel Comings y Casteiros, en la parroquia de Matamá
- 22 de septiembre: La Cámara de Comercio de Vigo realizará un balance de la actividad del primer...

Toca falar de buscadores, esas ferramentas que son en Internet como grandes xefes de departamentos de documentación que empregan en buscar un feito, un nome ou unha web moito menos tempo do que un misto tarda en consumirse. Como dedos pasando fichas a velocidades difíciles de imaxinar, con resultados servidos ó momento. Os buscadores poñen orde en Internet, e os usuarios, cando se senten perdidos entre tanta información, sempre acoden a eles como quen volve a terra firme. España, polo que podemos saber, é un caso extremo no que se refire a buscadores. Digamos que somos demasiado fieis a Google, como temerosos de romper certos compromisos establecidos ninguén sabe moí ben cando nin como. Case nin petamos noutras portas e isto, segundo os especialistas, pode pasar factura. O consello deles é este: abrir a mente. Google non ten respostas para todo e os internautas do mercado anglosaxón xa hai tempo que utilizan tres ou catro para unha única busca. Ademais, eles realizan pescudas máis complexas e detalladas.

Hai que volverse máis anglosaxón? Seguramente non. Pero, da mesma maneira que non imos durante toda a vida ó mesmo médico, ó mesmo taller de coches, á mesma tenda roupa, por que vai ser igual en Internet? En Código decidimos poñer a proba distintos buscadores, cunha serie de conceptos elixidos máis ou menos ó chou e cun cronómetro que non nos serviu de gran cousa, posto que non eramos quen de ver as décimas de segundo. Pero isto non nos desanimou e co traballo da mañá do 19 de agosto podemos xa adiantar algunhas conclusións:

- Non é ouro todo o que reloce. Non hai ningún buscador que sexa obviamente mellor cós outros. Todos teñen virtudes e defectos, coa vantaxe de que esas virtudes e defectos non son nunca os mesmos. O que lle falta un, soe telo o outro. E así sucesivamente.
- Ask Jeeves e MSN van ó seu aire e adoitan a coincidir moito nos resultados. Yahoo! e Google sitúanse, pola súa parte, noutra liña de traballo distinto. Os primeiros ofrecen menor cantidade de opcións, pero tratan ser máis concretos. Os segundos manexan milleiros e milleiros de páxinas indexadas, pero tenden a ser máis dispersos.
- Se buscas imaxes en Yahoo! e Google aparécenche miles de opcións, pero só podes chegar a unha mínima porcentaxe. E, do que che ofrecen, o 99% é (dicíndoo claramente) morralla. Imos por partes.

Ask Jeeves fornécese ali onde non chega Google www.askjeeves.es

O buscador Ask Jeeves, o do mordomo inglés, está a buscar o seu sitio no panorama internauta español. A idea de Ask Jeeves non é ofrecer algo mellor ou peor, senón distinto. O seu as na manga é a ferramenta de busca propia, baseada nun algoritmo que



ten en conta as ligazóns que recibe a páxina pero valorándoos sobre a afinidade temática das páxinas que as orixinan. Ademais, xa se fala moito no panorama blogueiro da súa ferramenta MiAskJeevs, que posibilita que se almacenen os resultados das operacións de busca gardados para o seu uso no futuro. Nós collemos pola estrada de Ask Jeeves sen coñecela previamente e, a verdade, é que nos deixou bo sabor de boca, malia algunha que outra decepción. Entres os sabores podemos citar o pouco que nos ofreceu cando procuramos imaxes da nosa televisión, Código TV. Apenas uns restos de instalación eléctrica, unhas cousas brancas sobre fondo azul que non teñen nada que ver co que se fai nesta casa e que fixo que na redacción se orixinase un "oooooooohhhhhh" de decepción. As boas novas viñeron cando, logo dun momento de dúbida, puxémonos a buscar fotos de Los Planetas (non forzamos moito a imaxinación: era o que estabamos a escoitar nese momento). Ás primeiras de cambio aparecen imaxes do grupo. E vemos que hai onde elixir. O malo de Ask Jeeves é que non che indica cantas páxinas che ofrece de resultados (hai que facer contas con lapis e papel). O bo é que semella estar abondo actualizado. Non nos saíu en ningunha ocasión o cartel de "No se puede mostrar la página" e iso agrádecese.

Yahoo! presume de ser o buscador de Internet máis completo www.yahoo.es

O líder entre os buscadores é Google, pero Yahoo! non quere quedar atrás e xa anunciou hai pouco que ten indexadas 20.800 millóns de páxinas web, imaxes, son e vídeo, o que case duplicaría os 11.300 millóns de obxectos catalogados por Google. Agardan que este dato achegue a moitos usuarios, avogando por unha información máis completa, aínda que isto non parece preocupar a Google, que resta importancia a cantidade de datos, especialmente porque aínda non atoparon xeito de verificar o suposto aumento no sistema de Yahoo! O tamaño, a fin de contas, parece que non importa, xa que non

implica calidade nos resultados, segundo Google (agora), malia que durante anos esta empresa empregou, precisamente, o factor tamaño para o seu posicionamento no mercado. Paradoxos de mercado aparte, o certo é que Yahoo! estase a facer forte en Internet, a base de vitaminas, incisivas campañas de marketing e importantes adquisicións como a compra doutro buscador, Alltheweb.com. Hoxe en día, é posible que Yahoo! non sexa peor que Google, e pode que supere a este no nivel de efectividade en determinadas operacións (en Google é difícil atopar imaxes de xeito de Windows Vista... por que será?). Nós fixemos varias buscas, para poñelo a proba. Subimos as revolucións do motor de Yahoo! e andivemos á procura de imaxes de cantantes como Van Morrison, Nick Drake ou Lucinda Williams. Os resultados foron bos, e todas as imaxes obtidas nas primeiras páxinas coincidían cos termos buscados, e ademais estaban accesibles. Google ofrece máis resultados ca Yahoo!, pero é probable que a segunda das ferramentas teña as súas fichas mellor actualizadas. Para rematar, quixemos facernos cunha foto de Raphael. Só apareceu unha na primeira páxina (en Google non apareceu ningunha, todo eran pinturas do artista do Renacemento!!). Conclusión: Yahoo! parece ser xa, definitivamente, unha alternativa sería ó xigante Google.

Google é Google... ou non? www.google.es

Google é Google, e sempre (?) será Google. Levamos xa estas letras nos xenes, e case se diría que poderíamos teclealas durmidos sobre o computador. Google é para moitos como a fila sete no cine, o médico de confianza na familia, o establecemento onde che recibiron ben e sempre volve porque che poñen o café como a ti che gusta... e para que cambiar? Moitos internautas fixéronse internautas vía Google, e xa sabe que é difícil morder a man do que che aprendeu a camiñar. Pero hai unha cousa que non se lle pode perdoar a este buscador: que se faga unha busca de Raphael e non apareza nas



Buscadores na ITV

Fixemos unha comparativa entre os servizos de busca de imaxes de Yahoo!, Ask Jeeves, MSN Search e Google



primeiras páxinas de resultados nin rastro do lexendario cantante español (en Yahoo!, en cambio, si, e isto case nos leva a pensar que Yahoo! ten o eixe do motor máis preto de España). E por que non ofrece imaxes de Windows Vista entre milleiros de fichas atopadas?

E por que só permite chegar a unha pequena parte desas fichas atopadas? E por que hai tantas imaxes que desembocan en páxinas mortas?

MSN Search, a busca precisa ábrese camiño www.msn.es

MSN Search parécenos o máis modesto dos buscadores nomeados, pero non por iso é menos interesante. Para buscas concretas e actualizadas, funciona á perfección. Dito doutro xeito: MSN opera como un arma con silenciador que fai buracos pequenos pero profundos. Nada de buscas como disparos de perdigóns. Nós buscamos imaxes de Los Planetas e alí apareceron, entre fotografías de constelacións, buscamos imaxes de Van Morrison e alí estaba o *León de Belfast*. Buscamos imaxes da competencia neste eido, Google, e alí estaban os logotipos e as fotos dos seus creadores. O valor dos resultados reside, sobre todo, en que foto que pinchas foto que ves e descargas. A actualización ten un nivel alto, polo que podemos deducir. Os obxectos que ofrece MSN son similares en moitos conceptos ós que che brinda Ask Jeeves. Está claro que estes buscadores van por libre, ó seu, traballando máis pola actualización que por acumular webs indexadas.



Novas dende Silleda: a tecnoloxía une



F.S.

Chegamos ó final de MITE e practicamente os poucos participantes que quedaban sen coñecerse, xa se coñeceron. Nas feiras tecnolóxicas como a que organizou hai unhas semanas a Feira Internacional de Galicia todo está disposto para que se cree un mapa intrincado de contactos. En encontros como MITE un case podería pensar que coa liña invisible que une a tódolos asistentes se pode chegar a calquera asistente de calquera salón de calquera comunidade. Algo así como unha situación na que tódalas persoas levasen unha tarxeta na solapa con ligazóns para linquear.

A envexa de Meetic.

En Código fomos coa revista en papel como carta de presentación e sempre había temas que levaban a outros e nomes que nos facían volver ó punto de partida. Houbo conversas sobre tecnoloxía ecolóxica, fogar dixital, seguridade en Internet, audiovisual e sobre novas ferramentas aplicadas ó eido da educación. A nosa revista e a nosa canle de televisión (Código TV) pareceron, aqueles días, un

papel en branco para encher.

Quixemos que os participantes no MITE asinaran no libro de visitas e acompañasen a rúbrica co motivo que os trouxo por alí. Tamén quixemos preguntarlle se sabían o motivo de por que non estaban os ausentes, e houbo respostas de todo tipo e opinións de moi variado cariz. Incluso dentro dun único *stand* puidemos rexistrar diversos puntos de vista, como pequenas torres de Babel: “Esta nova edición de MITE é un éxito” ou pola contra “Esta nova edición é un fracaso”. A algúns, a non concorrencia de determinadas empresas de envergadura deixounos como nenos perdidos nun gran centro comercial. Case se podía ver como miraban polos arredores, á espera da protección dos “grandes”. A outros en cambio, esta circunstancia lles importou ben pouco. Crecéronse nos *stands* e trataron de dar o mellor de si mesmos.

Se a tecnoloxía en Galicia non medra, non vai ser por culpa deles.

Nos intermedios das actividades o equipo de Código (revista e

televisión) perdeuse un pouco polos instrumentos máis orientados ó lecer. Foi aí cando lle sacamos punta (sobre todo o venres ó mediodía) a Galicia Dixital, onde non nos atrevimos a subirnos á montaña rusa virtual que fai un percorrido por Santiago (deixámolo para outra ocasión). Mentres, no *stand* de Código, ían desaparecendo as chapiñas e mailas revistas, e por un momento pensamos que non ía ser necesario saír co micro á captura de declaracións e entrevistas, ó seren os demais os que viñan a nós. Pero houbo que saír, de tódolos xeitos, que a sonda de Código non chega para que a revista se faga sola (isto estaría ben).

Código meteuse, entre outros, no *stand* de **Panda Software**, onde nos falamos dos primeiros *hackers*, os chamados “phone freaks” (“os raros do teléfono”), como por exemplo o Capitán Crunch, que ós 13 anos descubriu que asubindo por teléfono no chifre que viña de agasallo cos cereais do mesmo nome era posible deter a tarificación da liña telefónica. José Manuel Crespo, director de Marketing de Panda, trazou no aire contido no seu *stand* unha liña de evolución dos piratas informáticos ó longo da súa historia e tamén das súas criaturas, os virus. “Ó longo de todos estes anos pasamos de sufrir virus coma o da pelotía ó da ambulancia a outros moito máis elaborados que saben ocultarse no noso computador e buscar, en última instancia, o negocio”. Roubar información, ese é o negocio. Primeiro, roubando chaves de correo electrónico, como o Sober. Logo, collendo sen permiso os números da túa conta no banco (o temido *phishing*: ese correo enviado supostamente por un banco no que che piden os teus datos). Código colleu por banda a José Manuel Crespo e fíxolle unha pregunta que levaba tempo querendo ser formulada: “¿Pero de verdade pica alguén co *phishing*?”. A súa resposta sacounos un pouco as cores: “Somos o terceiro país do mundo no que se refire a fraudes consumados deste tipo. A porcentaxe de usuarios que cae nestas trampas rolda o 5%. Isto quere dicir, basicamente que hai

bastante desinformación”. Vivimos, polo tanto, na Sociedade do Descoñecemento. Panda Software, a través de José Manuel Crespo, avoga por informar e informar: “Podemos instalar as nosas ferramentas ata o letreiro da porta da oficina, pero de nada serve se hai un contable desinformado que entrega a chave de acceso a un persoa estraña”, comenta.

Na historia da evolución dos *hackers*, Galicia ten algo que dicir.

De feito, segundo Crespo, o máis recente é o que operaba dende Poio, *crackeando* programas protexidos na Web.

E, por último, aquí vai unha tanda de consellos de Panda:

- Ter unha ferramenta activa de seguridade *anti-malware*.
- Non te fíes dos estraños (nin dos correos emitidos por supostos bancos, xa que ningún deles che pode pedir datos persoais por Internet).
- Antes de premer e descargar un arquivo adxunto pénsao dúas veces. Ou tres.
- Se es pai ou nai, inicia ti mesmo ós teus fillos en Internet. O salto da televisión e a Play Station ó computador non é algo que se poda tomar á lixeira.

“A min preocúpame especialmente o feito de que un 50% dos nenos estean na Rede, libremente. Sábese que o 8% deles tivo algún contacto con pederastas vía chat. Isto hai que dicilo 20.000 veces”, engadiu.

En MITE tamén pegamos ben á orella ó que contou sobre fogar dixital Ignacio Sanchís, de **Philips**, para quen a sociedade xa está madura para asumir a conexión de tódolos electrodomésticos co fin de controlalos cun único mando e dende o exterior do fogar. A domótica é o primeiro paso dun planeta conectado. Factores a favor: unha banda ancha que medra (incluso en





España... pero menos) e que xa non só se usa para navegar, senón que se consolida como unha canle de distribución multimedia; ademais, as redes sen fíos tamén incrementan a súa presenza e, por outra banda, os usuarios almacenan cada vez máis contidos dixitais para o lecer no seu PC.

Carlos Rivero, de **Audiovisuales Data**, tivo tamén a paciencia de responder á nosa artillería de preguntas sobre o “como”, o “que”, o “para que” e o “cando” das pantallas táctiles e outras ferramentas tecnolóxicas aplicadas á educación que comercializa a súa empresa. Este tema, que nos pareceu interesante polo que ten de formativo para as novas xeracións de galegos, é basicamente un tema con moita proxección, tendo en conta a seguinte pregunta: ¿Para que demo imos precisar dunha pizarra cando xa hai pantallas para aulas dixitais coas que podemos escribir e manexar un computador? Como anécdota, cómpre dicir que este que redacta se veu na encrucillada de ter que completar coa axuda do seu dedo o casilleiro dunha táboa periódica. Sobra dicir que nin empezar puído. Por certo que esta visita serviunos para enterarnos de que a Xunta vén de mercar un importante paquete de pantallas destas características, estas xanelas polas que, se nos fixamos de-

tidamente, poderemos ver chegar o futuro.

O peor que lle puído pasar ó mundo das impresoras e dos consumibles foi a pouca profesionalidade de todos aqueles que venderon ó longo de moitos anos cartuchos reciclados de moi baixa calidade. Os usuarios entraban nas tendas e miraban con desconfianza estes produtos reutilizados, pero ó final acababan por levarlos porque eran moito máis baratos cós orixinais. Pero o resultado era nefasto. ¿A quen non lle pasou iso de acabar farto de sacar folios en branco e cos dedos negros? A integridade de moitas impresoras perigou por culpa disto. O usuario saíu perdendo. O negocio tamén. Pero quen máis perde nisto é a Terra mesma. Isto foi o que nos contou José Manuel Figueroa, da empresa galega **Printeco**, que estivo en MITE para promover os seus produtos e buscar distribuidores. O *stand* desta firma de Porriño foi, digámolo así, o currunchito verde do salón. Se Panda era o sitio onde se nos recomendaba ser prudentes, o da firma Printeco foi o lugar onde se nos aconsellou que xogásemos limpo coa natureza. A vida pode ser tan sinxela como coller un cartucho de tinta de impresora e botalo á papeleira, pero isto é case máis perigoso que coller unha pila e botala no río. O po do tóner e a tinta persiste durante anos na

auga e na terra. É aí onde entra en xogo esta empresa galega. Algo así como coller a man do usuario e coller o cartucho antes de que caia na papeleira. O resultado é, a xuízo de José Figueroa, un produto barato e de calidade.

MITE por puntos

- O conselleiro de Innovación, Juan Rodríguez Yuste visitou os diferentes stands o primeiro día de actividades e aproveitou, minutos antes, para darlle novos folgos ós representantes do sector tecnolóxico galego, agora que Galicia, indicou, “se sitúa á par das rexións máis desenvolvidas de Europa no que a investimento público en I+D+i se refire, e agora que todo o noso territorio vai contar, nun prazo de dous anos, con cobertura de Internet de alta velocidade no 90% do seu territorio”.
- No acto de presentación tamén interveu José Maril, presidente da Fundación Semana Verde Galicia, quen aludiu indirectamente ós motivos do regreso do MITE, logo de dous anos de ausencia. MITE, que nunca seu foi (nunca deixou de estar activo), volve agora porque o sector das **puntocom**

se restableceu, e a sociedade enteira aposta agora, máis que nunca, por poñer o innovador como cuestión “de prioridade económica”.

- O salón MITE é, segundo Maril, un soño colectivo dos directamente implicados na Sociedade da Información para conseguir que a tecnoloxía en xeral sexa algo de uso cotiá para as persoas que non viven directamente implicadas nesta tecnoloxía. Dito doutra maneira: en MITE todo o mundo quixo que Galicia non teña nada que envexar a países como Suecia ou Dinamarca, “onde as porcentaxes de uso da Rede entre os seus habitantes roldan o 80%”, sinalou Maril. Internet natural. Como camiñar. Como vivir.
- A organización estima que máis de 4.600 persoas pasaron por esta oitava edición de MITE. Un 81,88 % dos asistentes foron profesionais das novas tecnoloxías.
- MITE contou coa presenza de 219 firmas expositoras de 13 países diferentes, segundo indicou a Feira Internacional de Galicia. A superficie de exposición foi de 2.500 metros cadrados. Ademais, un total



Marcelo Branco:

“Non queremos ser só consumidores de tecnoloxía. Queremos facela. Queremos intercambiala.”

“O software propietario crea dependencia”. Marcelo d’Elia Branco puído dicilo doutro xeito, pero non máis claro nin máis alto. Primeiro na entrada do Palacio de Congresos de Santiago con Código Cero, sentados arredor dun bloc de notas e un par de xornais, e logo no salón principal de conferencias, ante os asistentes a un congreso de nome TechBusiness Week ó que acudimos a principios de verán (recuperamos agora a entrevista nunca publicada porque consideramos que ten abondo interese)). Branco é dese tipo de persoas que un espera atopar sempre en listaxes negras confeccionadas pola maquinaria mundial da industria discográfica, acompañando a certo profesor da UPV que defendeu en público as vantaxes das redes de intercambio de ficheiros. Nós, que logramos roubarlle media hora do seu tempo en Galicia, non tivemos necesidade de pedirle que, por favor, non se cortara á hora de transmitir a súa mensaxe (graciñas, Marcelo). Ó seu xuízo, o software libre leva consigo un aforro importantísimo para todos aqueles países que queren acadar o desenvolvemento en materia tecnolóxica.

O modelo de software propietario (advirte) está plenamente superado.

“Nós non queremos ser unicamente consumidores de tecnoloxía”, engade.



FERNANDO SARASQUETE

- Sábese canta xente no mundo actual aposta polo software libre?

- É difícil medilo. Pero calcúlase que uns cincuenta millóns de persoas.

- O software libre podería ser ese ingrediente máxico que reduza a distancia que separe os países máis desenvolvidos tecnoloxicamente dos menos favorecidos?

- O principal capital da sociedade que nos tocou vivir é o coñecemento. Tratar de facerse un oco na Sociedade do Coñecemento con software propietario é unha maneira moi boa de frear o coñecemento. Este edificio sostense sobre unha falacia. O software pechado crea dependencia. O software libre non, porque non inclúe custe de licenzas. Ademais, favorece máis o intercambio de coñecemento e, a maiores, xera opcións de negocio.

- Fálenos de cifras. Que representa para Brasil o pago das licenzas?

- Uns 1.100 millóns de dólares. O dobre do orzamento do Ministerio de Tecnoloxía. En 2003, os cartos que destinou o Goberno de Brasil a paliar a fame representaron a metade do que se tivo que pagar polas licenzas... Nós non queremos ser só consumidores de tecnoloxía. Queremos ser desenvolvedores. Se unicamente mercásenos, sería como entrar nun réxime de dependencia similar ó que provoca a droga.

- Que significa Internet para as multinacionais da música?

- Internet foi feito para copiar e distribuír, pero as grandes corporacións ven a Rede como unha ameaza e tratan de poñerlle restricións. Prohibir o intercambio de música en Internet é unha práctica fascista. Acaso se pode restrinxir o intercambio de cultura? Imos levar ó cárcere a tódolos millóns de persoas que intercambian música na Rede? Se lles vai impedir o acceso á música?

- Hai alternativas?

- Hainas. E moi satisfactorias. Pódese establecer en Internet unha nova relación directa entre o fador de música e o consumidor. Sen intermediarios, o que reducirá o prezo dos produtos. A distribución, que é unha cousa tan complexa, pódese resolver de xeito doado por Internet. Os vellos modelos están acabados.

- ¿Isto podería ser a solución á piratería?

- Si, claro que si. O autor, ante todo, sempre ten o máximo interese en que se coñeza a súa música, de que chegue a tódalas partes do mundo... Hai camiños a seguir hoxe en día moi interesantes, como por exemplo o que ofrecen as *creative commons*...

- ¿Creative commons?

- Si, son un novo xiro dos dereitos de autor tradicionais. Unha reescritura destes. Trátase dunha licenza legal con valor xurídico cunha parte máis suave de dereitos reservados. O autor pode elixir cales son os dereitos a cumprir. A súa música difúndese libremente por terceiros, pero sen fins comerciais. A gran maioría das bandas que coñecemos non viven nese modelo de música liberada. Pero hai artistas coñecidos que están asumindo este novo credo, como Gilberto Gil, o ministro de Cultura do meu país, ceibando a súa música a través das *creative commons*, un modelo inspirado no software libre. Isto beneficia ó autor e máis ó público...

- Pero prexudica á industria.

- Prexudica á industria que vive ancorada no pasado.

- Hai uns meses, practicamente tódolos medios de comunicación españois fixéronse eco da noticia dun profesor da Universidade Politécnica de Valencia que foi despedido do seu cargo, supostamente, por defender en público as vantaxes do intercambio

de música en Internet a través da redes P2P. Que opina vostede de toda esta historia?

(Marcelo Branco sabe dende o principio do que lle estamos a falar, malia a nosa crenza de que, por vir do Brasil, non ía estar informado sobre a cuestión)

- Precisamente estiven falando con el días despois de que lle acontecese iso que me recordas. O que penso é que a decisión da UPV é prehistórica. Primeiro, a tese que estaba a defender o profesor era correcta, moderna. Non falaba de nada revolucionario nin ilegal. Segundo, suponse que vivimos nunha sociedade onde existe a liberdade de expresión. A medida tomada contra el vai directamente contra este dereito. Tratárono coma un criminal. Isto é típico de sistemas autoritarios.

-Non lle chama a atención que isto ocorrese nunha universidade?

- Un espazo que, polo menos en teoría, é para reflexión e intercambio de coñecemento. Quero deixalo ben claro: non é un delito que unha persoa intercambie música.

- De que vai falar vostede en Santiago?

- De todo isto (*di, acompañando as palabras cun sorriso*).

- É consciente de que o que vostede defende non lle gusta a moitas persoas?

- Eu estou aberto ó diálogo. Non condono ás persoas que defenden o software propietario. Sen embargo, a miña voz vaise escoitar ben clara: este modelo está ben superado. O software libre é xa, hoxe por hoxe, unha estratexia de negocio das grandes corporacións. Eu non quero convencer a ninguén de que eu estou certo, unicamente falo dunha nova maneira de crear negocio e industria para as empresas locais e nacionais, indo o cen por cen do beneficio para elas, xa que non terían por que pagar licenzas nin *royalties*. Estou a falar dunha oportunidade para ser máis competitivo.



Enrique Dans: "os blogs son o reflexo electrónico da ágora grega: unha expresión de democracia"

A Sociedade da Información está a piques de dar un novo paso, e nós, os usuarios, nin nos decatamos. A Web trae boas novas, e Enrique Dans, director da área de Sistemas e Tecnoloxías da Información do Instituto de Empresa, non fixo máis que poñerlle voz. Esta é a mensaxe: o universo blog pertenceche. Calquera pode ter hoxe en día unha bitácora electrónica, teña formación tecnolóxica ou non. "O que a simple vista pode parecer egolatría é, en realidade, un exercicio de diálogo", dixo este profesor galego, natural da Coruña (vive en Madrid, onde leva moi mal, confesou, estar no mundo lonxe da súa terra). Ó seu xuízo, as vantaxes das bitácoras son múltiples: proporcionanche información, contactos e, se tes sorte (como no caso do propio Dans, que conta cun dos blogs máis visitados de España, <http://edans.blogspot.com/>), beneficio económico. Na opinión de Dans, ó que entrevistamos en Santiago durante a celebración dun congreso, a blogosfeira é o reflexo electrónico da ágora grega. O círculo péchase. Os antigos gregos serían "blogueiros".

F.S.

- Cales son as ferramentas de comunicación do futuro?

- Podemos empezar polas ferramentas que non son as do futuro. Como por exemplo o correo electrónico. As que máis posibilidades teñen de perdurar son as mensaxes de texto instantáneas na Rede, as mensaxes de texto nos móbiles ou incluso as weblogs. De feito, se pensamos en países onde o nivel de penetración das novas tecnoloxías é alto, como por exemplo Corea, veremos que alí unicamente se utiliza o correo para enviar un e-mail a algunha persoa de idade, ou ben porque se necesita unha copia da misiva.

- Canto tempo leva vostede inmerso neste universo blog?

- Levo dende maio de 2003. Naquel momento xa había certa actividade no mundo das bitácoras. Agora estou a piques de entrar nunha nova fase no mundo blog.

- Cal é esta nova fase?

- Unha situación na que practicamente calquera usuario poida ter un blog. Para o lecer, para o traballo ou ben comunicarse. Cada internauta terá unha bitácora por unha razón distinta. Por exemplo, para a miña filla é una fonte de contactos. Para min, en cambio, é unha ferramenta de traballo e de enriquecemento.

- Cal é a chave para conseguir que o seu blog sexa un dos máis lidos do país?

- A chave, para min, é dar clases. Teño truco. Eu comento en clase que teño un blog e iso, queiras que non, axúdache. Téñoa en constante actualización, e non porque sexa un obseso, senón porque non me gusta chegar a clase e que me pregunten cousas que non sei responder. O blog obrígame a ler moitas novas ó día. Recibo comentarios de todo tipo, ademais. A cuestión é metelo no teu proceso produtivo. Para os xornalistas, por exemplo, isto pode significar escribir á marxe da liña editorial do medio no que traballa.

- O blog como ferramenta útil...

- Non creo no blog polo blog. A miña filla habilitou tres, e ten 11 anos. Atopou unha ferramenta moi útil na Cocteleira, que é un sistema centrado en facilitar a construción dunha bitácora web. En dúas patadas, estás escribindo. A miña muller lanzou a súa hai unhas tres semanas, sen dicirme nada, claro.... Eu descubrino sen que ela me puxera sobre o tema, e eu díxenme: "¡Que blog máis interesante para a miña muller, fala das cousas que lle gustan a ela!".

- Cómo definiría vostede este fenómeno?

- Os blogs son o reflexo electrónico da ágora grega. Todo o mundo da cidade xuntábase na ágora, e era un sistema democrático perfecto. Os blogs son fundamentais na política. Permiten tomarlle o pulso á opinión. Os usuarios que ademais son votantes poden ter información de primeira man de a qué se dedica o seu político. No mundo blog hai de todo. Tamén hai depravados que van por aí con cámaras de foto sacando imaxes debaixo das mesas onde se sentan e colgándoas a continuación. Pero unha cousa está clara: non é unha moda pasaxeira. É unha tendencia forte, onde calquera persoa que non sexa propiamente de formación tecnolóxica pode estar en contacto cos tecnólogos. É unha proposta de valor de sentido común. Unha maneira de sacar as fotos do álbum.

- Algo así como ter unha web propia e persoal?

- Si, pero coa diferenza de que estas outras ferramentas son participativas. Trátase de crear relacións entre as persoas. Un blog pode parecer un exercicio de egolatría, a simple vista, pero en realidade é un exercicio de diálogo.

- Todas son de carácter público?

- Non, cada vez hai máis privados, familiares ou de empresa, nos que se exige contrasinal. Isto ímolo ver cada vez máis no futuro. Eu obtengo beneficio económico do meu blog, pero non cobro a ninguén por visitala. É unha plataforma que ademais de alimentarme de

información, aliméntame a nivel monetario.

- Encaixan ben as pezas "empresa", "weblog" e "información"?

- As bitácoras electrónicas son o pesadelo dos departamentos de comunicación das empresas. Estes dedícanse a manexar a información, para que saia unicamente o que eles cren interesante de saír. Un blog é, de por si, un elemento de comunicación ceibe, por iso consideran que se lles escapa das mans. Pensemos por exemplo na traballador de Google que foi despedido por falar nun blog que estaba máis a gusto no seu anterior posto en Microsoft. Ó final botárono, pero non o botaron por "blogueiro" senón por gilipollas.

- A que se dedica exactamente o Instituto de Empresa no que vostede traballa?

-O Instituto de Empresa é unha formación privada que, dende o ano 1973, dedícase á formación de directivos, sendo un dos grupos líderes en Europa a nivel de empresa. É unha escola de negocios.

- En que medida se apoia o Instituto no uso das novas tecnoloxías?

- Estamos a facer cousas divertidas coas novas tecnoloxías da información, integrándoas dentro da ensinanza, familiarizándose os alumnos co formato e utilizándoo como canle de formación. Aquí, a tecnoloxía non é o obxectivo, é o medio. É o punto de vista.



viernes, agosto 12, 2005

Dos ordenadores a la vez


La razón por la que no he escrito nada todavía hoy es que me he dado el "ocio tecnológico" (de hecho, debo ser muy geek, porque aún no he desayunado)... Tengo en casa el ordenador que habitualmente tenía en mi despacho, donde los Reyes, un poco despatados de fecha, me han dejado uno nuevo. Así que antes de que formateasen el antiguo y se lo pudiesen a otra persona, y aprovechando el parón vacacional, me lo he traído a casa "a pasar el verano", y así puedo hacer varias cosas, como esas copias de seguridad que uno acaba no haciendo nunca, etc.

Para trabajar con cierta comodidad, me pasé por el PC City y me compré un computador Bekin, un 2-in-1 17"m 17000, ese de la foto, que me permite tener enchufados los dos ordenadores a un sólo monitor, teclado y ratón. Como no tenían el que admita USB, y mi ratón favorito es USB (parece mentira como se acostumbró uno al tacto de los periféricos), he acabado usando un sólo monitor, un sólo teclado, pero dos ratones, con lo cual cada dos por tres intento usar el que no es... La verdad es que es cómodo este cacharrito. Sin necesidad de instalar nada, simplemente pincharlo, y a partir de ahí dos toques en la tecla de Blog Despl y una a la fecha hace arriba o hace abajo hace aparecer en la pantalla uno u otro ordenador. Curiosa sensación esta de controlar dos máquinas así, sin moverme del sitio ni cambiar de postura...

Por ahora, he configurado el cacharro del despacho para explicarle que no está en el 3E, no tiene que buscar ningún proveer ni ninguna red corporativa, y si conectarse a la mía. Ahora estoy pasando los datos del despacho para tener un backup completo, que también está en el ordenador nuevo (y en el servidor de backup corporativo), pero en fin, nunca está de más la redundancia. Pero en cuanto acabe de pasarme los datos y ese ordenador "invitado" tenga un contenido perfectamente "prescindible"... ¿cuál voy a pasar a hacereeer???? (... Mase con media sonrisa sinistra...)

LIBERDADE

PARA AS TÚAS MANS
Esquécete do mando a distancia



GRUPO CÓDIGO CERO COMUNICACIÓN S.L.

publicidade@codigotv.com 981 936 324

código
televisión



Internet verde (1º asalto)

Facemos unha visita a algunhas das webs máis representativas do movemento ecolóxico galego e español (deixamos a porta aberta a máis visitas)

Abrimos a cancela da leira ecolóxica galega e española en Internet e o que atopamos non pode ser máis variado. Boas colleitas e outras non tan boas, pero a fin de contas ata os erros máis graves semellan minimizados polas boas intencións. Para dicilo máis claro: unha web mala dende a que se loita por unha causa xusta parécenos menos mala. As novas tecnoloxías, a fin de contas, semellan abondo compatibles co medio ambiente, e xa se sabe que hoxe en día o colectivo, institución ou empresa que non está na Rede é coma se non existira. Sobre todo para as persoas que navegan a cotío. A tendencia é a que Internet imite o que había antes de Internet. Se os colectivos ecolóxicos se unen en federacións, as webs serán menos pero mellores e máis actualizadas. O caso máis claro é o de ADEGA, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia, que é un dos eixes sobre os que xira o movemento “verde” do noso país. Foi a web deste colectivo, xunto coa de Vieiros (Canle verde), a que nos serviu de punto de partida. O punto exacto no que se deixa de falar sobre medio ambiente. Este non quere palabras. Quere feitos.

REDACCIÓN

VIEIROS WWW.VIEIROS.COM

Vieiros ten unha canle verde na que se dá conta de tódalas novas relacionadas co medio que se publican no noso país. É unha ferramenta de primeira orde, se cadra a mellor destas características en Galicia. Algunhas webs ecoloxistas galegas beben desta fonte. Ademais, Vieiros inclúe unha completa base de datos de interese sobre o que se está a facer dende Internet a prol da natureza, ideal para os ecoloxistas que aínda non saben que son ecoloxistas. Esta listaxe de webs foi un dos nosos puntos de partida.

GREENPEACE WWW.GREENPEACE.ORG/ESPANA

A Greenpeace se lles poderá chamar moitas cousas pero non cabe dúbida que é unha das entidades máis activas e mellor organizadas do mundo no que se refire á loita ecolóxica. Estes días está outra vez de actualidade nos medios polas protestas contra determinadas prácticas na pesca de arrastre no Atlántico Noroeste, estando os barcos galegos no seu punto de mira. A web da versión española está actualizada e o seu funcionamento é bo, igual que o deseño e o reparto de contidos. Dito doutra maneira: non fire á vista, e é abondo accesible para tódolos internautas, sexan de nivel avanzado ou principiantes. En total, Greenpeace adminístrase a si mesma en 42 webs doutras tantas rexións do mundo.

SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL HTTP://WWW.ARRAKIS.ES/~ALCRIQUE/SGHN.HTM

Unha mala páxina para unha boa iniciativa. Inclúe novas e ligazóns de interese pero ó final serve de pouco precisamente porque a forma (mala) acaba por estragar o contido. Trátase dunha das organizacións que máis tempo leva loitando en Galicia polo medio natural, acompañando estes labores dunha importante actividade de divulgación.

WWW.NUNCAMAIS.COM WWW.PLATAFORMANUNCA.MAIS.ORG

Unha broma ó ex presidente Manuel Fraga saúda ó internauta que visita a primeira web. Aí empeza e aí remata agora esta páxina. A actividade témola no segundo dos sites. Nunca Máis semella estar á espera de ver como

reacciona este Goberno autonómico actual ante situacións similares ás do Prestige (e ogallá non teñamos que ver NUNCA MÁIS de novo unha situación así). Todo indica a que estarán vixiando, de preto e polo miúdo, ós novos inquilinos de San Caetano. Pero a actividade non cesa, segue latente, medindo o volume da catástrofe nas nosas costas. Nunca Máis é, hoxe por hoxe, un berro que empezou un 21 de novembro de 2002 e aínda non rematou, tal foi o volume da indignación colectiva. A web da plataforma é moi recomendable, tanto para os que están de acordo co que dende alí se esixe como para os que non.

Esta páxina é a pegada dun novo xeito de entender a ecoloxía. Case nunca antes se conseguira tal repercusión, tal movemento de masas. O verde deixou de ser minoritario.

FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA HTTP://WEB.JET.ES/FEG/

A Federación Ecoloxista Galega é o lugar onde se encontran tódalas asociacións galegas que loitan pola conservación da natureza. A web é útil se o internauta anda a procura de ligazóns sobre medio ambiente, non só de Galicia senón de todo o mundo. É, por así dicilo, a rotonda ou cruzamento onde conflúen tódalas avenidas importantes. Bótase en falla, iso si, máis actualización de novas e contidos. Ó final, prodúcese o efecto boomerang: Vieiros levounos ata aquí e dende aquí volvemos a Vieiros (Canal Verde).

RÍOS VIVOS HTTP://WWW.RIOS-VIVOS.ORG/

Sobran wátios. Fantan ríos vivos. Este é o lema dun proxecto web que naceu para loitar contra os plans de explotación hidrográfica que a Xunta aprobou en 2001. A iniciativa, promovida polos colectivos ecoloxistas galegos, estivo pensada dende o principio para aproveitar ó máximo o potencial de difusión de Internet. A web incluía un correo listo para asinar no que se lle pedía ó ex conselleiro de Medio Ambiente, Xosé Manuel Barreiro, a revisión inmediata dos devanditos dos plans, nos que se deixaba vía libre, a xuízo desta iniciativa, para a sobreexplotación dos ríos en forma de centrais eléctricas.

ASOCIACIÓN PARA DEFENSA ECOLOXICA DE GALICIA HTTP://WWW.ADEGAGALIZA.ORG/

Moi posiblemente, a páxina máis

visitada de cantas se xestionan en Galicia de temática ambiental. Detrás dela está ADEGA, un colectivo que non renuncia a defender o que se defendeu sempre na rúa, perante as administracións, e agora tamén en Internet: o medio galego e mundial (non hai diferenza, en realidade). ADEGA sabe do poder de difusión e convocatoria que ten a Rede, de aí que non a descoide, e mantéña activa unha web exemplar. Se cadra sobra texto e falta imaxe, pero non cabe dúbida de que cumpre ese requisito fundamental que separa o éxito do fracaso en Internet: a utilidade. ADEGA xa ten tras de si máis de 25 anos de compromiso pola diversidade biolóxica e cultural (din que as dúas deben ser preservadas, porque a segunda é reflexo da primeira). A súa web consolídase, igual que o Canal Verde de Vieiros, coma o parte de novas ambientais. E tamén serve aloxamento a iniciativas complementarias de gran interese, como a web da Plataformas pola Defensa do Alto Ulla e da Férveda de Entrecruces ou a do Comité de Defensa do Monte Galego.

COORDINADORA PARA O ESTUDO DOS MAMÍFEROS MARIÑOS HTTP://WWW.ARRAKIS.ES/~CEMMA/

CEMMA é o colectivo que sempre acode cando nas nosas praias aparece un mamífero mariño. O seu obxectivo é o estudo e a conservación destas especies, cometido que para o caso que nos ocupa merecía unha mellor presentación en Internet. É posible que non se poida facer máis cos medios cos que conta esta organización non lucrativa galega e dende aquí se convida ó novo Goberno galego (ou á institución pública ou empresa que corresponda) a paliar na medida do posible a situación. Na web inclúense datos sobre que é CEMMA, sobre as actividades, as campañas, a atención ós animais varados, etc.





INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR POLA DEFENSA DOS NÓSOS RÍOS HTTP://WWW.ILPRIOS.ORG/

Unha Iniciativa Legislativa Popular (ILP) vai orientada a levar a cabo proposicións de lei que teñan que ser tramitadas polo Parlamento de Galicia. O principal requisito é reunir 15.000 sinaturas. Para facelo, para chegar á meirande franxa de cidadáns posible, a Rede ofrece múltiples posibilidades. Así foi como se xestou esta web, promovida por colectivos galegos e respaldada por un importante número de artistas. Segundo datos do 28 de xullo, xa se acadaron 39.556 sinaturas. O obxectivo é defender os ríos galegos da sobreexplotación enerxética. A iniciativa segue viva. O pasado mes de xullo, membros dos colectivos que promoven a ILP en defensa dos ríos concentráronse fronte ó Parlamento. Entre outras cousas, conseguiuuse que unha das primeiras proposicións de lei que se debata co cambio de goberno sexa a que estes colectivos presentaron.

ERVA-ECOLOXISTAS EN ACCIÓN HTTP://WWW.ERVAGALIZA.COMÇ

Ecoloxistas en Acción precisan dunha cura de acción na súa web. Trátase dunha desas páxinas onde o internauta dá media volta e queda como estaba. Queremos saber máis da actividade deste colectivo. Máis dos seus “por ques”, dos seus “candos” e tamén dos seus “comos”. Na parte dereita da web convidan ós visitantes a puntuar a súa proposta en Internet. Que se boa, que se normal, que se excelente. Nós pinchamos en “mala”.

FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL HTTP://WWW.CULTURAMARITIMA.ORG

Unha magnífica páxina para unha magnífica iniciativa. Con fasquía de blog, comunica tanto polo contido como pola forma. Novas de interese, fotografías (moi boas), listaxe de actividades e publicacións. Está claro que os responsables deste proxecto, non estritamente ecolóxico (pero si en parte), non se limitaron a poñer a sinatura e marchar. A cultura

marítima tradicional galega vai cara diante, co apoio dun nutrido grupo de colectivos, os que integran esta federación galega, e co apoio de Internet, o espazo de comunicación onde nunca soñaron con estar os carpinteiros de ribeira.

GRUPO NATURALISTA HABITAT HTTP://WWW.INICIA.ES/DE/GNHABITAT/

O proxecto web do Grupo Naturalista Habitat ten fasquía de refuxio ambiental. Lonxe de ser unha páxina con grandes ambicións, céntrase sen máis en presentarse e facer unha convidación formal a formar parte do grupo. A proposición non parece estar nada mal, tendo en conta que é un grupo ecolóxico fundado en 1979, que se dedica ó estudo da natureza a través de “estupendas xornadas” de excursión, traballando a maiores pola conservación dos espazos e dos ecosistemas galegos máis ameazados.

SOCIEDADE GALEGA DE ORNITOLOXÍA HTTP://WWW.SGOSGO.ORG

O panorama ecolóxico galego dá os seus (bos) froitos en Internet. A conservación do medio trabállase tamen (como non?) onde nunca se pensou facelo, na Rede. Trátase dun dos proxectos web máis interesantes do país. Pertecen a un colectivo constituído no ano 1999 en Santiago, xusto cando xa se sabía que Internet ía ser o futuro para comunicarse. O seu cometido é o estudo científico e a conservación das aves silvestres e dos hábitats en Galicia. ¡Atención ó aluvión de fotos de paxaros, a envexa do Flickr!



SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE SANTIAGO HTTP://PROTECTORASANTIAGO.ORG

Toda páxina que se clikea en pegadas de can merece un respecto. A web ábrese cunha imaxe de dous canciños que che saúdan, como se estiveses a petar na casa dun amigo onde sempre hai alguén que anda arredor túa movendo o rabo. O site é doado de usar, sinxelo e directo. Non hai nada que che interpoña entre o internauta e a posibilidade de colaborar, ben con doazóns ou ben con adopcións. O único que sobre son esas xanelas de publicidade que xurden cando pinchas nas fotos. Detrás desta web está a Sociedade Protectora de Animais de Santiago, organización que xa ten 20 anos de experiencia dedicándose á recuperación de animais feridos,



abandonados ou perdidos.

REFUXIO DE BANDO HTTP://REFUXIO.SANTIAGODECO.MPOSTELA.ORG/

Esta é unha web posta en marcha hai ben pouquiño (este verán) e, como todas as que proceden de refuxios de animais, pon de relevo o seguinte dato para reflexionar: un país no que se abandona cada ano unha media de cen mil cans non pode, por moito que se diga, un país completo. A adopción non é algo que aconteza todo o que sería desexable, de aí que xurdan iniciativas como a da web do Refuxio de Bando de Santiago, páxina de visita obrigada para todas aquelas persoas que queiran darlle unha oportunidade a algún destes animais abandonados ou feridos. A web do refuxio vai tamén orientada a acadar familias de acollida, así como a dar a coñecer as instalacións e, por supostos, ós seus hóspedes.

ECOLOXISTAS EN ACCIÓN HTTP://WWW.ECOLOGISTAS.ENACCION.ORG/

Unha páxina que non dubida poñer unha bandeira negra alí onde considere que faga falta, e nós sen saber que en moitas das praias de Galicia que acostumamos a visitar pende unha tea escura

coma un sudario. A web española de Ecoloxistas en Acción é un proxecto tecnolóxico e divulgativo impecable, de obrigada visita. Funciona como unha navalla que se crava fondo na carne, facéndoche dano polo dano previo que ti (e todos) infrinxiches ó medio que che rodea. A web ten 1980 artigos publicados e 77 redactores, e xa vai camiño do medio millón de visitas. Se che gustan os toros e apoias os alimentos transxénicos, non visites esta páxina.

AMIGOS DA TERRA TIERRA.ORG

Pode haber algo máis bonito que chamarlle á túa web Tierra.org? O problema é que aquí acaba o bonito da páxina. Acaba nas intencións, porque o resultado web é do máis desastroso que se ten visto nesta redacción dende hai tempo. E é

unha mágoa, porque todo, ata os motivos de loita máis xustificables, merecen ter un envoltorio decente. As causas non se venden por si soas. Necesitan pulo narrativo. Os membros de Amigos da Terra esforzánsen por conseguir, entre outras cousas, un comercio máis xusto e frear o cambio climático, motivos máis que suficientes para ter unha web que reclame visitas.

WWF/ADENA HTTP://WWW.WWF.ES/

A páxina española de Adena foi este verán como un escalpelo, meténdose alí onde máis doe. Presentouse como unha das máis activas (máis cás das institucións públicas, dende logo) no que se refire a ofrecer información do que foi a catástrofe ecolóxica máis grave (e máis mediática) de Galicia e España: os incendios. Quen está detrás deles? Por que as administracións, sexan do partido que sexan, se amosan tan inútiles ante este problema? Na web inclúese un exhaustivo informe sobre os motivos que existen para prenderlle lume ós nosos montes, e non se libra ninguén. Nin os fumadores (que provocan unha media de 290 incendios ó ano, máis ou menos o 2% dos incendios de tipo descoñecido) nin os excursionistas que devecen por facer cacharelas no monte, que desencadean unha media de 190 incendios ó ano. Por suposto, cómpre non esquecer o poder incendiario dos ferrocarriles (que provocan 115 incendios de media debido ás chispas do trasiego de trens en zonas montañosas), das liñas eléctricas (que segundo Adena provocan unha media de 172 anuais, sobre todo pola caída das liñas) ou das queimas de pastos e lixos.

No informe tamén se fai fincapé en que os que se crían os principais causantes de que o país se consuma polo lume, os pirómanos, non son tan importantes en realidade Segundo Adena, os pirómanos son enfermos mentais, e unicamente lle prenden lume ó monte porque lles gusta e lles causa pracer e casualmente son os primeiros en avisar ós veciños e as autoridades de que o bosque está ardendo. Calcúlase que en España non hai máis duns 100 pirómanos, cifra corroborada polo Seprona. Conclusión: o monte arde, Galicia e España consúmense por culpa de persoas teoricamente normais, que non están enfermas. Ademais, a maior parte delas quedarán impunes. De feito, informa Adena na súa web, a Garda Civil unicamente detivo no ano 2003 a 192 persoas en toda España, o que significa que só o 1% dos incendios remata coa detención dalgunha persoa.



- Din que todo o mundo que pasa máis dun mes en Galicia vólvese galego, podémolo considerar o noso paisano?

- Considérome paisano de todo o mundo, así que adiante. Pero agora, teño muller galega e filla medio galega, así que todo é posible. Aínda que, a verdade, creo que a estas alturas voume quedar canario para sempre.

- Que fai un informático de Lanzarote como vos- tede nunha cidade como esta, Santiago?

- A familia éche o que ten. Antes dicía que vivía onde vive a miña muller. Agora digo que vivo onde vive a miña filla.

- Nós, na redacción de Código Cero, témola en Favoritos. Que é o que hai que facer para falar de Internet e aledaños e conseguir que a xente non bocexe?

- Non sei se hai fórmula máxica ou receita similar. O que eu fago é moi simple. Falo das cousas que me gustan e do que me entusiasma. Se falas con abondo entusiasmo e gañas das cousas, os teus lectores, malia que non entendan todo, captan ese entusiasmo. Hai varias tecnoloxías que me encantan, como os teléfonos móbiles, por exemplo, e creo que se nota cando escribo sobre elas.

- Cal é a chave para ser lector de blogs e, despois de todo o que tes que ler ó longo do día, ter tempo para escribir no teu?

- A curiosidade. Se un sente curiosidade polas cousas, le o que haxa que ler. Os blogs en particular son moi interesantes, porque soen ser levados por xente que sabe moito dun tema concreto, e vaino contando paseniño. Son, digamos, comentarios de primeira man de persoas que viven mergulladas no eido do que falan. Lendo blogs vaíse aprendendo moito dun gran número de cuestións, das que non saberías nada se te limitases a revistas ou similares. É unha cuestión de escala: ningunha publicación, por moitos recursos que teña, pode cubri-lo todo, pero cos blogs sempre haberá alguén que o comente.

- Cal é a solución para que che lean? Que é o que hai que facer para ter un blog e que non se converta nese convidado da festa ó que ninguén saca a bailar?

- Unha vez máis, non sei se realmente hai unha fórmula. No meu caso, tiven moita sorte. Fun moi ben recibido. Cando empecei co meu, as visitas foron medrando, e seguen a medrar aínda agora. Por outra banda, hai un par de cousas que podes facer. Por exemplo, como dixeran antes, intentan sempre ser sincero cando falas. E non perdas o tempo intentando descubrir que queren ler os demais –a primeira resposta, por certo, é “sobre sexo”, e é moi pouco probable que queiras facer un blog sobre iso- porque non o vas acadar e ademais, queimariaste rapidamente. Escribe para ti, sería este un bo consello, porque con seis mil millóns de persoas no planeta, seguro que hai uns cantos ós que lle interesan as mesmas cousas cá ti. Un consello máis técnico: se Google che pode ler, a xente vaiche ler. Seica é unha molestia, pero así é a dura realidade.

- Para vostede, o fenómeno blog é un exercicio de egocentrismo?

- Non, todo o contrario. A xente conta ó mundo o que sabe e o que lle resulta interesante. Nunca sabes cara onde irán esas mensaxes, nin a quen poderán axudar. Eu atopei moitas solucións a problemas –de programación, por exemplo- nas bitácoras. Ou sexa, que en toda caso é un gran exercicio de colaboración.

- Hai que tamén os considera un exercicio de “vouierismo”. O cre así? Considera que á xente lle gusta, en definitiva, mirar polo ollo da pechadura e ver o que os demais escriben, o que os demais fotografan, o corazón dos demais?

- Si, claro. Gústanos dende hai moitos miles de anos. Non podemos finxir a estas alturas que non é así. Por que lemos novelas senón? Por que imos ó cine se non é para ver a vida dos demais? Nos blogs dáse o fenómeno curioso de que un le a certa persoa durante moitos anos e acaba por considerala amiga malia

non ter falado nunca con ela, non a ter visto antes. Iso pasoume a min cun *blogger* famoso. De súpeto, vendo a tele, poño un documental e alí estaba. Sentínme como se estivese a ver a un amigo saíndo na televisión. En persoa, non o coñecía ata anos máis tarde.

- Cales son as peores bitácoras que visitaches recentemente? Cales son as que máis te gustan... esas que tes en Favoritos e non podes deixar de visitar tódolos días, ou día si, día non?

- Das peores non vou falar. Simplemente porque non me gustaría facer unha listaxe da maneira. Se alguén está a facer algo con sinceridade, tampouco me parece ben ir a crítico-lo. É máis, se algo non me gusta, déixoo de lado. Por iso, rara vez comento malos libros, nada máis porque rara vez chego ata a derradeira páxina. Polo que respecta ás boas... é que hai demasiadas! Teño centos no meu agregador, aínda que a maior parte delas son en inglés, porque son os que máis tratan os temas que interesan especialmente. Pero hai unha de entre todas elas que paga a pena recomendar. É tan boa que por si soa xustifica a existencia dos blogs. Trátase de Tio Petrus, (<http://tiopetrus.blogia.com/>), dedicada á matemática. Xenial material de divulgación. E do estranxeiro, gústame Pharyngula.org, que vai de bioloxía.

- Xa se sabe que en Internet e no mundo que nos tocou vivir, as revolucións tecnolóxicas xorden antes de que nos afagamos ás inmediatamente anteriores, cal cre vostede que é o seguinte paso do fenómeno blog? Estase a fraguar algunha revolución da que aínda non nos informaron?

- Pódoche contar como creo que vai ser. De feito, escribín un conto de ciencia ficción sobre esa idea. Creo que dentro de dez anos, poderei rexistrar partes substanciais de todo o que me acontece ó longo da xornada (só partes, porque a realidade tende ó infinito con rapidez) e almacenalo todo no meu servidor persoal. De todo ese material, poderei seleccionar que parte facer pública e que parte non. Se un blog actual é o perfil en texto dunha persoa, isto sería un perfil moito máis refinado, incluíndo todo tipo de elementos (incorporando, por exemplo, información xeográfica). Todo o proceso será razoablemente simple e non haberá necesidade de complicadas configuracións tecnolóxicas.

- É todo este fenómeno unha moda pasaxeira? Estaremos a falar dentro de quince anos dos blogs como falamos agora do acid house e das camisetas co logo do sorriso?

- Non o creo. En realidade, é algo que vimos facendo dende hai moitos séculos. Cando alguén se sentaba a escribir os seus diarios

Pedro Jorge Romero: “A blogosfeira é un gran exercicio de colaboración”

Código entrevista a un blogueiro afincado en Santiago que consegue (de verdade!!!) situar a súa bitácora tecnolóxica entre as máis seguidas de España

Informático, tradutor, afeccionado ó estudo da tecnoloxía de hoxe e a do mañá, tamén chamada ciencia ficción. Pedro Jorge Romero é un canario afincado en Santiago que conta cun deses blogs que forman intrincadas arañeiras cando se traza graficamente a súa influencia en Internet, tal é o seu peso na Rede. De feito, no ranking elaborado por Alianzo das bitácoras das que máis se fala neste país aparece a súa no posto número 6. Romero fala nela de todas as cousas da informática que lle gustan e case nos convence a todos de que a tecnoloxía é divertida e de que o mundo dos móbiles é apaixonante. Na súa opinión, as bitácoras non son exercicios de egocentrismo. Todo o contrario. Ter un blog significa pensar sempre nos demais.

Máis información en <http://www.pjorge.com/>



ou confesións, rexistrando o que lle estaba a acontecer e o que pensaba –cómpre ter en conta as redes epistolares dos sabios europeos no século XVIII- xa estaba enmarcado nunha actividade similares. Un blog moderno non é máis ca unha versión máis tecnolóxica do mesmo fenómeno. Hoxe en día un blog pódoo ler calquera en calquera parte do mundo, é moi doado de publicar, moi sinxelo de ler. Ademais, calquera pode agregar a información con outros blogs. Pero estes son meros detalles. O importante é o desexo humano de comunicarse, e iso non cambiou e previsiblemente non cambiará. E mentres queiramos falar con outras persoas, pois algo inventaremos para facelo.

Internet, serie Z

Internet non colle vacacións, e segue a depararnos desagradables sorpresas como as que citamos a continuación

REDACCIÓN



O MITO DO APERITIVO E O GUEPARDO

[HTTP://www.jumpers.es/](http://www.jumpers.es/)
Vía Queweb.org chegamos á páxina da mítica marca de aperitivos. A web, que ben podería estar deseñada pola competencia para abrirse camiño no mercado, é unha gran pantalla en vermello rechamante cunha



serie de letras e logos inseridos como un xogo de adhesivos na carpeta dun adolescente. Estas figuras, que teñen ó seu redor siluetas de meirande claridade (igual cás pegatinas transparentes), levan á sección principal, outra xanela igual de vermella que, case seguro, pode traer consigo efectos secundarios nos usuarios de Internet. Dito doutro xeito: conviría poñer un *link* a un oculista ou ben directamente a un psiquiatra debido á sobreexposición á cor vermella. Nesta segunda xanela hai outros seis logos que levan a outras tantas seccións. O primeiro deles é o de “empresa”. *Cliqueamos*. Aparecemos nun apartado onde se comparan as habilidades do guepardo coas da firma fabricante dos Jumpers no que se refire á selección de materiais de primeira calidade no mercado. Estratexia de ataque e axilidade: fundamentais no mercado dos aperitivos (quen se supón que é a presa? os cultivadores de cereais?) Queremos seguir lendo



no penúltimo parágrafo pero hai un texto que se superpón e non nos deixa continuar a lectura. Se cadra, non fomos rápidos abondo. Como os guepardos.



FLASH ESPECTACULAR

[HTTP://perso.wanadoo.es/crustac/revista.html](http://perso.wanadoo.es/crustac/revista.html)

En nome do Flash, din gran parte dos deseñadores web, téñense feito falcatuadas. Esta ferramenta non é a solución a tódolos problemas, malia que houbo un tempo en España e Galicia no que se cría que aprender a usalo era como adquirir poderes de adiviñación. O malo é que cando un empresario se presentaba nunha empresa de deseño para pedir unha páxina web sempre se lle adiviñaba o mesmo: que o mellor para el era o Flash. Vía Queweb.org coñecemos este *site* onde se ofrecen servizos baseados nesta ferramenta, ideais para quen queira “deixar coa boca aberta ós

visitantes, unha ferramenta coa que se acadan efectos similares ós das películas de Hollywood”, sinálase na páxina. E, como mostra, ofrecen un botón. Mellor dito, tres botóns. Tres “bos” exemplos onde se pode *cliquear*, malia que é tan complicado *cliquear* neles como que che toque a lotería sen mercar un boleto. Pero conseguimos chegar. E o que atopamos é como un catálogo de cousas que xa non se fabrican, como por exemplo os botóns de tipo cápsula, que son a Internet o que os chándales de cores fosforescentes son á roupa deportiva.



ONDE SE REÚNEN OS FANS DE EUROVISIÓN

[HTTP://www.eurovision-spain.com/](http://www.eurovision-spain.com/)

Os fans de Eurovisión teñen aquí un lugar onde atoparse en Internet, e nós fomos dar alí non por

compartir ese gusto musical senón porque, unha vez máis, fixemos buscas en servizos como Google e Yahoo! unindo os termos “web” e “horrible” e nos resultados estaba un acceso a este *site*. A páxina non destaca e é desas que espertan máis fríos ca calores, como se a persoa que a deseñou fose máis tesa ca un pau de vasoira. Se te achegas á pantalla, case te ves na necesidade de poñer unha chaqueta. Como detalle positivo, cómpre sinalar que a web está actualizada e que ofrece información ben completa sobre os detalles deste singular festival de música. Facendo un varrido coa vista veredes que ofrece versión



en galego. Pinchamos. As únicas palabras que vemos que se traducen do castelán ó galego son “noticias” (agora “novas”) e “pasatiempos” (agora “pasatempos”). Nada máis. O resto de palabras (centos) fican igual.



A WEB MÁIS INÚTIL DA HISTORIA

[HTTP://www.pixelscapes.com/spatulacity/button.htm](http://www.pixelscapes.com/spatulacity/button.htm)

Xa nos tardaba falar desta mítica web, onde Stefan Gagne, alá por 1994, habilitou o Gran Botón que non Fai Nada (*The Really Big Button that doesn't Do Anything*), un invento que máis tarde se convertería en símbolo ou parodia de tódalas cousas raras, horribles e inútiles que se teñen posto en



Internet en nome da estética. Este botón é o principal atractivo desta web, a onde peregrinan usuarios como se fose a tumba dun ídolo de rock a onde se lle deixan unhas flores e uns versos escritos nun papel. Este botón non serve de nada. Non carga outra páxina nin amosa imaxes. Cómpre sinalar que ó longo de todos estes anos houbo internautas que si que lle atoparon finalidade, sobre todo á hora de comparalo con políticos ou persoas do espectáculo, ou do mundo rosa, xente que, igual có botón que comentamos, non fai nada e, aínda por riba, ocupa espazo.



UN BOTÓN PARA PREMER ... E NADA MÁIS

[HTTP://www.holdthebutton.com/](http://www.holdthebutton.com/)

Atopamos vía Ciezanos.com este sitio na Rede, unha web tan estúpida que ata os seus creadores cho recordan en todo o momento e incluso che animan a enviarlle a invitación de cliqueala ós teus amigos, dando por sentado que os teus amigos non serán nin máis nin menos estúpidos ca ti, que acabaches neste curruncho. A proposta non pode ser máis simple: proba a túa paciencia premendo nun botón situado no medio da pantalla. Nós, que temos debilidade polas iniciativas inútiles en Internet, tamén prememos na figura, e unicamente acadamos un triste tempo de 19 segundos (a nosa paciencia non deu para máis). Sexa como sexa, a páxina, que é un desastre por onde se colla (non hai quen se desprenda da publicidade), infórmache de cal é o tempo record acadado ata o momento. Ata 6 días, 23 horas e 59 segundos estivo co dedo pegado ó rato un usuario anónimo. Non sabemos moi ben por que, pero sería unha especie de acougo saber que o que fixo foi envolver con cinta adhesiva o rato. Non pode haber ninguén tan parvo como para pasar case unha semana premendo un botón... ou si?





Historias encontradas (II)

En la segunda entrega de nuestras "historias encontradas" nos fijamos en el sector de los portales para estudiantes, donde una vez más nos encontramos con historias de éxito y fracaso.

Actividad: Portales Universitarios

David Lombardía
david@elvilmetal.com

Etnoka España
<http://www.etnoka.es/>
(non operativo)
<http://www.etnoka.fr/>

En el año 2000 hacía su entrada triunfal en nuestro país la filial española de la comunidad estudiantil Etnoka.com que estaba cosechando un notable éxito en Francia. Tras ella un nutrido grupo de profesionales de la comunicación y los negocios que se suben a la ola de la *revolución Internet* y una idea que cuajaría entre los universitarios, la de una web con muchos toques de comunidad virtual donde reunirse con los compañeros de la Facultad y de navegación y donde encontrar información de primera mano sobre todos los temas de su interés. Esta información era aportada por los *corresponsales*, unos colaboradores que dentro de la Universidad cumplían la función de promocionar la web entre los estudiantes y dentro de la web debían proveer de contenidos a la web, todo esto a cambio de una asignación mensual dependiente de los objetivos conseguidos.

Comandada por el jovencísimo pero brillante Pau Bermúdez Cañete, la versión española de Etnoka apostó fuerte por la captación de usuarios convencidos de que, una vez conociesen todo lo que Etnoka podía ofrecerles, se convertirían en usuarios fieles. Una vez conseguido ese objetivo, la rentabilidad llegaría a través de la publicidad y de las acciones promocionales junto con terceras empresas, para las que su red de corresponsales (aproximadamente 100 que cubrían la práctica totalidad de la red universitaria)

resultaría enormemente atractiva. Así, Etnoka encomendó a su red de corresponsales la promoción en las facultades de la web a través de carteles y folletos promocionales en una acción de *márketing de guerrilla*. Para fidelizar a sus usuarios y captar aún más usó los *Etnopuntos*, una acción ya desarrollada en la versión francesa, pero cometió el error de aliarse para esta acción con Webpuntos (que pronto pasaría a la historia) y con Zakis, un programa de fidelización que causaba furor entre los internautas hasta límites insospechados. Ahí cometió uno de sus errores más graves: en lugar de conformarse con captar un público fiel entre su target, el universitario y crecer desde abajo, quiso conseguir una base de usuarios muy grande y puso en marcha promociones que otorgaban *etnopuntos* prácticamente por cualquier cosa, lo que le hacía perder unas 500.000 pesetas (3000 €) diarios. Se suponía que en cuanto se despegase, los ingresos serían muy altos y mientras muchas empresas caían, los medios se hacían eco de que Etnoka había cerrado con éxito la segunda ronda de financiación. La empresa había incluso conseguido una importante subvención de la UE para ofrecer contenidos a los universitarios en los idiomas oficiales de la Unión. Pero la crisis de las *puntocom* llegó para decir que no se podía gastar tanto.

Tras los primeros meses sonó la voz de alarma: estaban tirando demasiado dinero por todos lados. Había que apretarse el cinturón. Despidos, fin de las promociones, recorte de gastos, y drástico recorte del presupuesto para los *corresponsales*. Con las vacaciones de verano, y con mucha menos información de

los corresponsales en la web las visitas a la web empezaron a reducirse mientras la tesorería llega a extremos alarmantes, hasta el punto de tener que dejar de prestar el servicio de E-mail a los usuarios, un servicio contratado a CommTouch y que generaba un buen número de visitas diarias.

Sin el servicio de E-mail, sin *etnopuntos*, con los corresponsales en *cuarentena* (no tenían noticias de la empresa desde hacía un mes), se corre la voz de que Etnoka.es ha sido otras de las caídas durante la crisis. Para acabar de refutar la teoría, el servidor se cae en varias ocasiones y el soporte para el idioma español desaparece por arte de magia, con lo que acentos y eñes son sustituidos por extraños símbolos que hacen difícil leer los contenidos. Tras el verano, los integrantes de Etnoka España que aún quedaban suscriben parte de las acciones para tener mayor control sobre las decisiones, pero Etnoka ya está prácticamente muerta y tan sólo se consigue prolongar su agonía unos meses más con el apoyo desinteresado de algunos de los colaboradores anteriores. El tráfico de la página ha caído, pero aún así se consiguen algunas acciones promocionales de cara al inicio del curso que apenas cubren gastos. Entretanto, los principales dirigentes de Etnoka España van recalando en otras empresas, y Etnoka España, yace olvidada. De la expansión internacional que incluía además de España, Reino Unido y otros países europeos, hoy ya solo queda la original versión francesa que funciona relativamente bien entre los estudiantes franceses y ha superado la crisis aceptablemente.

Universia

<http://www.universia.es/>

No sabemos bien si es porque existe una necesidad real que se intenta satisfacer, una *demand social*, o simplemente es casualidad, pero lo cierto es que la de crear una comunidad *supranacional* de universitarios no terminó con el fin de la aventura paneuropea de Etnoka. Lejos de ello, Universia tomó el testigo, con ciertas similitudes, pero también muchas diferencias. Mientras que Etnoka pretendía vertebrar

a los estudiantes europeos, Universia nació para dirigirse a las universidades hispanohablantes, es decir, el vínculo ahora es principalmente la lengua, y en lugar de estar pensado para los estudiantes, apuesta también por el resto de colectivos implicados en la enseñanza universitaria (profesores, investigadores...), como demuestra el apoyo de los rectores españoles. Esto dota a Universia de un halo más institucionalista, más de *servicio público* o "acción social". De hecho, el proyecto Universia.net se enmarca dentro del apartado denominado "proyectos singulares" del ámbito tecnológico del proyecto de "compromiso social" del Banco Santander Central Hispano., y como tal aparece en su memoria de responsabilidad social y corporativa. Así, además de los servicios de un portal típicamente juvenil, Universia promueve el "Encuentro de Universidades", ofrece contenidos para la investigación, o cuenta con herramientas y secciones

para profesores e incluso PAS. ¿Significa esto que el Proyecto Universia es sólo una especie de obra altruista del BSCH y la CRUE –Conferencia de Rectores de Universidades Españolas-?. No exactamente, pues de hecho la parte más lúdica del portal tiene, amen de numerosa publicidad, un programa de fidelización para sus usuarios en el que éstos pueden obtener puntos canjeables por dinero. Claro que en este caso el sistema está un poco mejor pensado que en el caso de la *difunta* Etnoka, pues los puntos se obtienen, además de navegando por la web de forma aleatoria –lo que sirve para incrementar las páginas vistas– mediante *leads*, esto es, registros en otras web, participación en eventos, o compras, lo que genera volumen de negocio al portal. Además, curiosamente, los puntos se pueden canjear por dinero pero...solo en cuentas pertenecientes al BSCH. Porque una cosa es la filantropía, y otra no aprovechar la ocasión de ganarse a los clientes en su etapa de juventud. Desde luego, es más fácil adentrarse en un *mercado* cuando no te importa demasiado el dinero que tengas que meter en él.



Más información en
www.elvilmetal.com

Xbox 360 sairá neste ano

Na Xbox Summit 2005 celebrada en Xapón no mes de xullo, Microsoft confirmou que a súa nova consola, Xbox 360, sairá este ano en Europa e Xapón tal e como se anunciara nun primeiro momento. Nas últimas semanas houbera rumores acerca dun posíbel retraso, pero Microsoft desmentiuunos, aclarando que a súa consola non seguirá o camiño de tódolos anteriores lanzamentos proxectados como simultáneos pero que finalmente se demoraran en Europa e Xapón.

EA faise con todo O Señor dos Aneis

Ata o de agora Electronic Arts só conta coa licenza das películas de *O Señor dos Aneis*, pero agora a maior compañía do mundo anunciou que se fixo coa licenza do libro, ata o de agora só de Vivendi, que lle permitirá seguir lanzando xogos baseados nos libros de Tolkien e as aventuras dos seus personaxes, incluíndo a aqueles que non saíran nas películas. Os primeiros xogos en beneficiarse do novo acordo serán *O Señor dos Aneis Tactics* e *A Batalla pola Terra Media 2*, anunciados en xullo.

Grandes xaponesas anuncian xogos para Xbox 360

Microsoft celebrou en xullo un evento en Xapón onde anunciou o grande apoio que lle brindarán as grandes compañías xaponesas a súa nova consola Xbox 360. Capcom anunciou *Resident Evil 5* para a súa nova consola, mentres que Namco desenvolverá *Ridge Racer 6*, aínda que ningún dos dous será exclusivo para a máquina. Ademais, Konami anunciou que traballa en *Winning Eleven - Pro Evolution Soccer* para a consola, un dos xogos máis populares da actualidade.

Pro Evolution Soccer 5 tamén para PSP

Konami anunciou en xullo que un dos grandes xogos de PlayStation 2 tamén estará na consola portátil PSP. *Pro Evolution Soccer 5*, o simulador de fútbol máis aclamado, sairá no mes de novembro para a consola portátil de Sony, incluíndo tódalas novidades das versións "grandes", e ademais a posibilidade de conectarse coa versión de PS2 por USB, e modo multixogador por rede sen fíos.

Xbox Live chega ós dous millóns

Microsoft anunciou que seu o servizo de xogo online de pago Xbox Live para a consola Xbox acadou en xullo dous millóns de subscritores, case tres anos despois do seu lanzamento. A cifra alcánzase un ano despois de chegar ó millón de usuarios en xuño do ano pasado, e Microsoft di que no último ano cada trinta segundos apuntábase un novo membro ó seu servizo, no que se pode xogar con máis de 150 xogos.

EA faise con Half-Life

Electronic Arts anunciou en xullo que a partires de agora será o novo distribuidor a nivel mundial do videoxogo *Half-Life* de Valve Software, que ata hai pouco tiña un acordo con Vivendi Universal Games. O acordo comezará co relanzamento de *Half-Life 2* na súa edición "xogo do ano", e inclúe tamén á versión Xbox do xogo, con lanzamento previsto para finais deste ano.



Os Catro Fantásticos

PABLO GRANDÍO
DIRECCION@VANDAL.NET

Dende hai anos é cada vez maior a tendencia a adaptar cómics americanos ós videoxogos co seu consecuente videoxogo, e *Os Catro Fantásticos*, a adaptación ó cinema das aventuras da familia Richards, non é ningunha excepción. En xullo Activision lanzou o videoxogo oficial do filme, que segue a súa historia aínda que espallándoa para así acadar unha duración aceptábel para o xogador. O videoxogo de *Os Catro Fantásticos* permítenos xogar con este equipo de superheroes formado por Míster Fantástico, que pode alonga-lo seu corpo á vontade, a Muller Invisíbel, con evidentes poderes, a Antorcha Humana, que

pode converterse nun home de fogo, e a Cosa, que fai de narrador da historia e que ten unha grande forza grazas ó seu corpo de rocha. O videoxogo é de acción e pelexas, controlando nós en todo momento a un dos catro heroes e podendo cambia-lo control a calquera dos outros catro (sempre en cando estean na pantalla) para así combinar mellor os diferentes poderes. Estes poderes gastarán unha enerxía cósmica que irase reenchendo lentamente, e poden ser devastadores

para bater nas hordas de inimigos robóticos deseñados polo terrible Doutor Morte. O xogo rétanos a combina-las habilidades dos catro heroes para seguir avanzando, contando ademais cuns poucos crebacabezas para face-la a acción algo máis variada. Aínda que non é unha revolución no xénero da acción nin será recordado como un grande xogo, resulta entretido e axeitado para os afeccionados ós cómics de Marvel ou para os que gustaron do filme.



Battlefield 2

Despois de varias expansións da versión orixinal e algunha que outra demora, Electronic Arts finalmente lanzou a verdadeira segunda parte de *Battlefield*, o seu famoso xogo de acción bélica multixogador. Esta segunda parte conta cun novo motor gráfico dunha potencia moito maior para representar batallas ambientadas na modernidade ou, mellor dito, nun futuro próximo onde os Estados Unidos, China e unha coalición de países de Oriente Medio estanse a enfrontar polo dominio estratéxico do planeta.



Coma sempre, trátase dun xogo onde haberá que xogar en equipo para derrota-lo inimigo, en grandes batallas onde decenas de xogadores —ou bots— enfrontaranse. Cada un dos equipos estará for-

mado por distintas unidades con diversas habilidades: podemos atoparnos con enxeñeiros, unidades antitanque, francotiradores e incluso médicos, e cada unha destas unidades terá que colaborar co resto para acadar que o seu equipo logre a vitoria. As novidades en armamento e vehículos que inclúe vense un tanto neutralizadas pola ausencia dunha mellora no xogo para un xogador; dende as primeiras expansións de *Battlefield* foi patente que EA optaba por potencia-lo multixogador, e nesta segunda parte segue a tendencia, facendo un modo para un só xogador que fai de adestramento máis que ser unha parte importante do xogo.





SOFTGAL

desarrollo e integración de sistemas


soluciones e-business

ingeniería de sistemas, redes y comunicaciones

integración sistemas multimedia y audiovisuales

soluciones de almacenamiento

infraestructuras TIC



A Coruña

Santiago de Compostela

Vigo

Madrid

Lisboa



internet a demasiada velocidade

2 megas de internet de alta velocidade por fibra óptica, dos de verdade con navegación segura e chamadas gratis entre clientes R para toda a vida

contrata R antes de fin de mes e paga só a metade

consulta as bases desta promoción en www.mundo-R.com
ou chamando gratis ó **1445**

teléfono_internet_televisión

